

PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 11

SESION ORDINARIA (agosto) DO 5 DE SETEMBRO DE 2016

ASISTENTES

POLO GRUPO MUNICIPAL. SOCIALISTA

Excmo. Sr. Alcalde
Abelairas Rodríguez, Isaura
Alonso Suárez, Olga
Blanco Iglesias, Eugenia Dolores
Caride Estévez, María José
Fernández Pérez, José Manuel
López Font, Carlos
Marra Domínguez, M^a Angeles
Pardo Espiñeira, Francisco Javier
Regades Fernández, David
Rivas González, Ángel
Rodríguez Díaz, Santos Héctor
Rodríguez Escudero, Cayetano
Silva Rego, M^a Carmen

POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR

Egerique Mosquera, Teresa
Fidalgo Iglesias, Miguel
Figueroa Vila, José M.
Gago Bugarín, Diego José
González Sánchez, Elena
Muñoz Fonteriz, Elena
Piñeiro López, Ángel

POLO GRUPO MUNICIPAL DE MAREA DE VIGO

Jácome Enríquez, Xosé Lois
López Barreiro, Margarida
Pérez Correa, Rubén

NON ASISTEN:

Aneiros Pereira, Jaime (concelleiro do grupo municipal Socialista)
Iglesias González, Ana Laura (concelleira do grupo municipal Socialista)
Lago Rey, M^a Jesús (concelleira do grupo municipal Socialista)

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e seis minutos do día cinco de setembro do ano dous mil dezaseis, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Egerique Mosquera, Fernández Pérez, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Jácome Enríquez, López Barreiro, López Font, Marra Domínguez, Muñoz Fonteriz, Pardo Espiñeira, Pérez Correa, Piñeiro López, Regades Fernández, Rivas

González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida. Está tamén presente o Interventor Xeral Municipal, don Alberto Escariz Couso.

PRESIDENCIA: Bos días, señores/as concelleiros, iniciamos Pleno do Concello, sesión ordinaria, orde do día que obra en coñecemento das señoras/es concelleiros, constátase quórum, ábrese sesión pública e iniciamos o Pleno.

PARTE RESOLUTIVA

1(136).- ACTAS ANTERIORES . (ORDINARIA (XUÑO) DO 4.07.2016)

Por unanimidade dos vinte e catro membros presentes da Corporación dos vinte e sete que a constitúen de dereito e de feito, aprobase a acta do Pleno da Corporación correspondente á sesión ordinaria (xuño) do 4 de xullo de 2016.

DITAMES DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS:

2(137).- PROPOSTA DE FESTIVIDADES LOCAIS PARA O ANO 2017. EXPTE. 1440/110 (1411/1101)

ANTECEDENTES.- Con data 9 de agosto de 2016, o concelleiro delegado de Xestión Municipal, Persoal, Patrimonio e Administración Electrónica, formula o seguinte informe proposta:

“Por escrito de data de saída do 13 de xullo, número 86284, o Servizo de Emprego e Economía Social da xefatura territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria en Vigo, solicita a este Concello a remisión da proposta de festividades locais antes do día 30 do mes de setembro.

Con data de 9 agosto o concelleiro delegado de Xestión Municipal, Persoal, Patrimonio e Administración Electrónica, de conformidade co disposto no artigo 37.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do estatuto dos traballadores, e no artigo 46 do Real decreto 2001/1983, do 28 de xullo, declarado vixente pola disposición derogatoria única do Real decreto 1561/1995, do 21 de setembro, sobre xornadas especiais de traballo, que indica que corresponde ao Pleno da Corporación,..."

Deseguido o concelleiro delegado de Xestión Municipal, Persoal, Patrimonio e Administración Electrónica emite a proposta que figura na parte dispositiva deste acordo.

A Comisión Informativa de Réxime Interior, Seguridade e Mobilidade, na súa sesión do 29 de agosto de 2016, ditaminou favorablemente a citada proposta.

VOTACIÓN: Por unanimidade dos vinte e catro membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e feito, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Fixar as seguintes festividades locais para o ano 2017:

- 1.- O Día da Reconquista desta cidade, martes 28 de marzo
- 2.- O Día de San Roque, mércores 16 de agosto

Neste intre e en cumprimento de acordo plenario, a Corporación e máis todas as persoas presentes no salón de Plenos, postas en pé, gardan un minuto de silencio en memoria das vítimas da violencia de xénero.

MOCIÓNS:

3(138).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO A

**SUBSCRICIÓN DUN CONVENIO COA ZONA FRANCA DE VIGO
COMPROMETÉNDOSE A CONSERVAR, REHABILITAR E DOTAR DE USOS
PÚBLICOS O ENTORNO DA PANIFICADORA. REXISTRO PLENO 1414/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 1 de setembro de 2016, número 1414/1101, a concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Caride Estévez, formula a seguinte,

MOCIÓN

"En data 01.10.2014, o Alcalde-Presidente do Concello de Vigo e Presidente do CZFV e a Delegada Especial do Estado no CZFV, asinaron o "Convenio de Cooperación Interadministrativa entre o Excmo Concello de Vigo e o Consorcio da Zona Franca de Vigo para actuacións de desenvolvemento na ampliación do Parque Tecnolóxico e Loxístico de Valadares e outros acordos complementarios".

En dito convenio, entre outras cuestións destácase no punto VI da exposición que "O Consorcio da Zona Franca de Vigo, sen perxuízo do que se expoña na Memoria que xustifique a necesidade ou conveniencia da adquisición, atópase interesado na adquisición na cidade dun inmovible que, entre outros fins, poda ser sede ben dun Centro Tecnolóxico de Gastronomía de Galicia, ben dunha incubadora de empresas ou ben de calquera outro proxecto de promoción económica da Área de Vigo e da súa zona de influencia entendendo que para tales propósitos de dinamización e impulso económico resulta idóneo as características do edificio de titularidade municipal existente na rúa Areal n.º 46, de 2.732 m² de superficie pechada e inmovible que, sen perxuízo da súa adscrición actual o dominio público municipal (uso público), o PXOM clasifica como Sistema Xeral".

Asimesmo, no punto VII establece que "O Excmo Concello de Vigo e o Consorcio da Zona Franca de Vigo participan no propósito de por en marcha un espazo idóneo para emprendedores que ofrezca servizos de co-working e garanging empresarial no que se levará a cabo labouras de asesoramento, orientación e apoio de iniciativas empresariais cara a súa consolidación definitiva e a xeración de empregos de calidade". A cláusula terceira de dito convenio, establece que a ubicación de este espazo co-working será no Auditorio-pazo de Congressos "Mar de Vigo".

Sen embargo, a pesar do establecido no convenio citado, a día de hoxe ningunha destas actuacións tense materializado de tal xeito que o Concello de Vigo cree necesario establecer un novo marco de colaboración concretado nun novo convenio que permita dar cobertura e visibilizar a presenza do CZFV no entorno urbano da cidade, contribúa a poner en valor o patrimonio industrial da cidade, potencie a promoción económica de Vigo, dinamice e impulse as iniciativas empresariais da cidade creando un viveiro de empresas ou promova a creación dun Centro Tecnolóxico de Gastronomía de Galicia.

A evolución e situación actual da cidade, permite que os anteriores obxectivos podan ser convíntemente conciliados ca preservación dun dos escasos exemplos de arquitectura industrial de principios do século XX, a Panificadora, o tempo que contribúe a poñer en valor o Casco Vello de Vigo.

Así (Francisco Pérez, 2016 "Arquitectura industrial en Vigo (1898-1939)) "diversos autores analizan el impacto de este edificio en la arquitectura contemporánea, entre ellos los arquitectos Fernández Ámeal o Fernando Agrasar Quíroga, que se refiere a la Panificadora como "una pieza de arquitectura industrial, en estado de abandono, situada en pleno centro de la ciudad como testimonio insustituible de los inicios del hormigón armado en nuestra ciudad, mostrando su conjunto el estado de la arquitectura de la década de los años veinte". "La Panificadora evoca pues, según Agrasar, "las imágenes contenidas en el libro que relacionó los edificios industriales de los Estados Unidos y la arquitectura moderna europea en el primer cuarto del siglo XX. Uno de aquellos conjuntos de silos de grano americanos contenidos en La Atlántida de Hormigón, de Reyner Banham sobrevive en Vigo, mostrando uno de los primeros ejemplos del hormigón armado de nuestra ciudad y se erige por derecho propio, en todo un símbolo del carácter y la razón de ser del desarrollo de Vigo en el pasado siglo".

É, polo tanto, o entorno da Panificadora un reto e unha oportunidade para poñer en valor o noso pasado industrial o tempo que se constrúe cidade e se establece un polo de referencia para a innovación, o emprendemento, a colaboración entre empresas e institucións e o reforzamento da vocación de Vigo como unha cidade moderna e universal que orgullosa do seu pasado constrúe o seu futuro.

É por isto que propoñemos ao Pleno da Corporación o seguinte

ACORDO

Instar á subscrición dun Convenio polo que o Concello de Vigo e o Consorcio dá Zona Franca de Vigo comprométense a conservar, rehabilitar, poñer en valor e dotar de usos públicos o entorno da Panificadora, para a conservación deste exemplo único do noso pasado industrial. A tal fin, o Concello comprométese, á redacción de cantos instrumentos de planeamento e xestión foren necesarios para a adquisición pública dos bens e dereitos existentes nese ámbito, sufragándose os custos de adquisición polo Consorcio nas súas dúas terceiras partes e polo Concello no terzo restante. Ó tempo, ambas administracións comprométense á rehabilitación e a dotar de servizos e contidos os espazos adxudicados en execución do Convenio que se realice."

DEBATE:

SR. CARIDE ESTÉVEZ: Traemos hoxe esta moción que é unha moción que digamos intenta modificar outros acordos previos desafortunadamente incumplidos, en concreto un acordo entre a Zona Franca de Vigo e este Concello do ano 2014, na

que nun convenio se especificaba que a presenza da Zona Franca nesta cidade era escasa, e polo tanto, a Zona Franca reclamaba un espazo para poder situar instalacións e en particular, para facer dende un centro gastronómico ata actuacións de distinto eido que lle permitiran visibilizar a súa actuación e presenza en Vigo, froito desta actuación acordouse que podería ser unha boa situación o antigo edificio do Reitorado, titularidade do Concello de Vigo, ademais existía nese mesmo convenio, outra cláusula que establecía que a Zona Franca se comprometía a alugar espazos no Auditorio Mar de Vigo para dotar de contidos eses espazos para por exemplo, actividades e Ecoworking ou outras actividades que puideran botar a andar unha parte de novo, da presenza da Zona Franca na cidade, no centro da cidade. Estas actuacións non se materializaron e froito desta situación observamos agora como nos orzamentos para o ano 2017 do Consorcio da Zona Franca, a proposta que trae a delegada, é comprar edificios na Etea, uns edificios que non só é que sexan a día de hoxe titularidade da Xunta de Galicia senón que o propio proxecto científico-tecnolóxico do Campus do Mar especifica que teñen que ser edificios da Xunta de Galicia, e polo tanto, resulta paradigmático que unha vez que a Xunta de Galicia se compromete a comprar eses edificios e incluso pola vía da expropiación forzosa, a Zona Franca pretenda recomprar eses edificios con dúas finalidades, instalar unhas instalacións propias da Zona Franca, nun deles, o edificio Siemens, e ceder un edificio que debería ceder directamente a Xunta de Galicia á Universidade de Vigo para instalar actividades vinculadas ao Campus do Mar. Pois ben, dende o Concello de Vigo, dende este grupo municipal, entendemos que sería unha boa actuación aproveitar un espazo emblemático que ten esta cidade, que é o espazo da Panificadora, para visibilizar a presenza da Zona Franca en Vigo, para facer distintas actividades, para cohesionar á cidade, para dotala de contido e para apostar por unha das escasas instalacións industriais de principios do século XX, que temos nesta cidade e ademais unha actuación singular, tan singular que por exemplo neste libro “Arquitectura Industrial de Vigo 1898-1939, orixes, evolución e estado actual, usos e perspectivas de futuro”, a imaxe deste libro é precisamente a Panificadora, obviamente unha imaxe que durante moito tempo converteuse nunha das imaxes da cidade, e que desafortunadamente aquí, ao carón do Concello, temos sen utilidade. Por iso, entendemos que deberíamos dar todos un paso adiante e

promover un convenio entre o Concello de Vigo e a Zona Franca para que entre todos consigamos que eses terreos sexan públicos e polo tanto, para darlle utilidade, rehabilitalos e poñelos en valor. Por ese motivo, a proposta que traemos hoxe aquí é precisamente que podamos entre todos acordar un convenio, un convenio que ten como finalidade fundamental a rehabilitación e a posta en valor dos terreos e o entorno da Panificadora, para iso, o Concello comprométese a dar tódolos pasos na dirección de conseguir unha ordenación para eses espazos que garanta a finalidade perseguida, a rehabilitación e posta en valor dese entorno singular e ademais que entre as dúas administracións consigamos eses terreos, rehabilitemos esas instalacións e as dotemos de contido. Para iso, necesitamos facer obviamente un traballo conxunto que promova usos que permitan poñer en valor ese entorno e que establezan as canles axeitadas para que se poda materializar esa intervención, pero entendemos que pola parte da Zona Franca é imprescindible visibilizar a súa presenza na cidade. Dende este Concello reclamamos que a Zona Franca invista na cidade, ademais que cumpra compromisos que veñen dende moi longo, pero que nunca, desafortunadamente, se materializaron e cremos que xa é hora, é hora de que a Zona Franca aposte decididamente pola rehabilitación integral dun edificio singular que temos na nosa cidade, cubrindo un oco que a día de hoxe existe no organismo da cidade, e ademais nunha actuación que sexa sen lugar a dúbidas de referencia para o mundo empresarial, para o mundo social de Vigo e dende logo para as dotacións públicas da cidade. Esperamos o apoio de tódolos grupos para esta iniciativa.

SR. JÁCOME ENRÍQUEZ: Dende que nós estamos nesta institución, esta é primeira vez que falamos do edificio da Panificadora e dende logo en primeiro termo que estamos satisfeitos de que este debate teña lugar. A Marea de Vigo no programa electoral co que se presentou as eleccións municipais xa facía propostas con respecto ao edificio histórico, propostas que como é praxes na nosa organización sairían dun proceso o máis participado posible coa cidadanía organizada.

No punto 4.1.11 do noso programa electoral despois dun proceso de debate e votación expresábase catros puntos fundamentais, primeiro, conservación e rehabilitación íntegra de tódolos seus espazos, sen cambiar as súas características estruturais, na súa moción, na exposición de motivos, nada clarexan sobre este

punto, nunha exposición de seis parágrafos só adican un ao edificio en si, facendo un percorrido histórico breve, tamén interesante é verdade, sobre as características da construción, sen concretar en ningún momento a rehabilitación integral. Falan de preservación, máis non sabemos en que termos, o edificio de forma integral, só os silos, xa que no acordo só se fala de rehabilitación faremos un acto de fe e agardaremos a ver ese posible convenio antes de poñer o grito no ceo. Dous, Declaración como ben de interese cultural e incorporación ao conxunto histórico e artístico do Casco Vello. Na súa moción nin unha soa mención a este tema, tal vez a concelleira poida explicar o motivo e a pena e que non sexa posible establecer ningún diálogo xa que seguro que este é un tema para nós central e o corsé do debate en Pleno non o fai posible. É trágico que un tema desta importancia non sexa debatido de forma sosegada nas Comisións Informativas, gustaríame dicir que isto é consecuencia do Regulamento que permite a presentación de mocións despois das Comisión Informativas do Pleno, máis xa sabemos todas que non é así e que xa antes deste Regulamento o debate e achegamento de postura era nulo.

Tres, debate público, porque a cidadanía debe protagonizar o proceso de rehabilitación e que sexan os seus intereses, inxerencias e necesidades as que determinen os vindeiros usos.

Para nós, estamos a falar de que cidade queren e precisan as cidadáns, o desenvolvemento dunha cidade non é nin neutral nin casual, senón que xoga nel un papel primordial o sistema socio económico imperante, na nosa sociedade capitalista as cidades convértense nun ben de consumo, onde rexen as regras de mercado e factores, como o benestar da veciñanza, un urbanismo amable coas persoas son relegados a un segundo plano, a cidade, a cidadanía ten que ser suxeito activo na planificación dun espazo, a cidade, en amplo sentido, do cal é propietaria, o debate en Pleno non é suficiente para este grupo municipal, non podemos dicir que este é o máximo órgano de representación da cidadanía e pechar as portas a esa participación.

Utilización como espazo público e aberto con titularidade pública, estando de forma continuada a disposición e servizo da cidadanía, na súa exposición falan, e cito textualmente, “incubadora de empresas ou calquera outro proxecto de promoción económica, espazo idóneo para emprendedores ou emprendedor, esa

figura neoliberal coa se tapa a inacción do goberno e non falo neste punto do goberno municipal.

Polo de referencia para a innovación ao emprendemento e á colaboración entre empresas e institucións, pois si que xoga un papel primordial o sistema socio económico vixente.

O espacio da Panificadora é unha infraestrutura cunhas condicións ideais para ser utilizada como un espazo multifuncional e vostedes falan en exclusiva de aproveitamento económico.

O primeiro paso, tal como din no acordo, adquisición pública dos bens e dereitos nese ámbito, ata aí, como acordo de mínimos pódenos valer, e para isto propoñen vostedes a participación da Zona Franca, estamos de acordo, mentres sexa unha adquisición pública destes bens, ata aí, ata ese punto, estamos de acordo, a partir de aí todo dúbidas ou directamente desacordos.

E isto o principio dunha partida de pin pon entre administracións? Acaso sobran os espazos para que a cidadanía se organice, acaso interesa que a cidadanía se organice?

Imos absternos nesta moción e esta abstención xa é unha mostra do optimismo da vontade. Onte, moi brevemente, cando lle estaba dando voltas a isto, preguntábame como acabo de dicir, se isto era o principio dunha partida de pin pon entre administracións e hoxe vemos o principio desa partida.

PRESIDENCIA: Antes de darlle a palabra ao grupo municipal do Partido Popular, queríamos mostrar a nosa satisfacción pola reincorporación ao Pleno da Sra. González e alegrámonos de que estea aquí e que estea recuperada.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: Agradécello tamén esa mención que acaba de facer á incorporación da concelleira do Partido Popular, por suposto nós tamén estamos a verdade moi contentos de que estea novamente con nós.

En relación á moción que presentan, sinceramente e ademais analizada coa máxima seriedade e esperando a intervención da Sra. Caride, un pouco máis de luz a este anuncio dun proxecto porque eu creo que non hai ninguén neste sala que non estea de acordo en que a Panificadora ten que ser rehabilitada e que hai que buscar un proxecto para a Panificadora. É un proxecto de cidade e é un

proxecto en que toda a cidade está de acordo, por suposto nós dende o Partido Popular tamén estamos de acordo en quitar adiante un proxecto da Panificadora porque ademais é entre outras cousas é unha das grandes mostras que vemos tódolos días, de que despois de nove anos de goberno o Partido Socialista foi absolutamente incapaz de quitar un proxecto adiante para un edificio como dicía a señora concelleira, tan emblemático para a cidade, nove anos e este o terceiro proxecto que se presenta para a Panificadora, pero que proxecto se presenta? Porque o que oímos ata o de agora son vagueades, cuestións moi xenéricas, todas sen concreción, proponse que se faga a Zona Franca, habería que ten tender unha cortina de fumo cara unha situación bastante lamentable a que se produciu na Zona Franca ao longo deste verán, insisto, queríamos concreción, porque se vostedes queren realmente quitar adiante un proxecto, cando un quere realmente quitar un proxecto e ten un proxecto, primeiro, non o conta pola prensa, primeiro llo conta a quen o ten que levar a cabo, eses son os pasos que se teñen que seguir cando un realmente, máis alá do anuncio publicitario, máis alá do titular de prensa, quere quitar adiante algo e traballa pola cidade e polos intereses de Vigo. Primeiro, fálase co responsable de facelo para explicarlle a proposta, faláronvos coa delegada da Zona Franca?

Segundo, preséntase un proxecto onde de concrete que é o que se quere facer, que é o que se pretende facer, presentáronvos ese proxecto? Presentáronvos aínda que só fose un papel para defender ese proxecto do que agora están intentando quitar adiante pola prensa.

Terceiro paso, unha memoria económica, canto vai custar ese proxecto, estamos a falar de fondos públicos, de tódolos cidadáns, unha memoria económica onde se vexa a cuantificación, teñen vostedes unha memoria económica fundamentada, díxonos algunha cifra na que se estea a barallar? Non, tampouco teñen unha memoria económica.

E finalmente prazos, cantos prazos, que é o que pretenden, que fases, algo da súa planificación para levar adiante iso, teñen vostede iso? Non, tampouco.

Isto é novamente unha tomadura de pelo á cidade, é novamente un brindis ao sol do que nos teñen desgraciadamente tan acostumbrados e detrás diso aínda non ensinaron nada, eu espero que na súa réplica Sra. Caride, nos dea algún dato máis para saber exactamente que é do que estamos a falar.

Nós dende logo imos apoiar esta moción aínda pensamos que deixa moito que desexar e que o único que pretenden é esa cortina de fumo, ese brindis ao sol, porque nós si que estamos preocupados polo desenvolvemento da Panificadora, por proxectos importantes para esta cidade e por iso vamos apoiar á espera e dándolles a marxe de confianza de que realmente detrás toda esa xeneralidade e vagueade terán vostedes algo máis, porque do contrario estarían de novo traizoando os intereses da cidade.

Temémonos que non, como o Partido Socialista non ten acostumados case sempre, serán só palabras baleiras e serán só proxectos sen concretar e serán unha etapa máis desa guerra que iniciou o Sr. Alcalde contra a Zona Franca de Vigo, porque iniciou unha guerra contra a Zona Franca de Vigo contra a única institución que realmente inviste nesta cidade, contra a única institución que realmente se está preocupando polas empresas e polos investimentos, porque nesta cidade non hai investimentos porque vostedes teñen o Plan Xeral paralizado, absolutamente paralizado e non estar a facer nada dende que se anulou e vou aproveitar a que seguramente o Sr. Alcalde vaise marchar cando se debata a moción do Plan Xeral, como nos ten acostumados cando se presentan mocións do Partido Popular, para dicirlle Sr. Alcalde, que esta cidade necesita un novo Plan Xeral, necesita un Alcalde que se poña ao fronte do maior problema que ten esta cidade, do máis grave problema, e vostede coa súa actitude de botar balóns fora e con pedir a todos, menos en pensar o traballo que ten que facer, está a causar un dano irreparable a Vigo e a tódolos vigueses que non se merecen o Alcalde que teñen, que se merecen un Alcalde que pense nos intereses da cidade e que pense en tódolos cidadáns e non só no seu interese persoal. Pedímoslle que pense en Vigo, que traballe por Vigo e que faga o que necesita esta cidade, non necesita titulares, necesita traballo, un Plan Xeral, Sr. Alcalde.

SRA. CARIDE ESTÉVEZ: Sra. Muñoz, certamente acaba de dicir vostede unha gran realidade, acaba de dicir que a Zona Franca é a única entidade que inviste en Vigo, porque a Xunta de Galicia non inviste nada, sabe vostede incluso o paradoxal? Que a Zona Franca ten que comprar os terreos da Etea da Xunta de Galicia que xa son da Xunta de Galicia para que a Xunta de Galicia lle ceda eses terreos á Universidade de Vigo, cando a Xunta de Galicia era competente en materia de

investigación, de innovación e investigación universitaria, e ten que recomprar os terreos da Etea para que a Universidade de Vigo poida desenvolver o Proxecto do Campus do Mar, polo tanto, o único que dixo vostede en verdade é que, aínda que a Zona Franca inviste pouco en Vigo, como ben sabe, é a única institución que inviste nesta cidade porque a Xunta de Galicia nin está nin se lle espera.

En calquera caso, fala vostede de algunhas cuestións que teñen que ver co proxecto, mire vostede, o que se trae precisamente hoxe a este Pleno deste Concello é promover un acordo para dotar de contido, e deseñar o futuro da Panificadora, por suposto iso ten que levar acompañado un estudo arquitectónico e lle direi que xa temos os pregos da contratación dese proxecto arquitectónico para un proxecto singular, tamén lle direi que xa existe unha memoria económica, pero por suposto esa memoria está a espera de que o Consorcio da Zona Franca tamén manifeste a súa vontade de chegar a un acordo sobre este principio, por certo, Sra. Muñoz, como sempre se acorda un convenio, primeiro faise unha declaración de vontades, que se incumpre por parte da Zona Franca, comprou o edificio do Rectorado, Sra. Muñoz? Investiu na cidade? Pois a realidade é que non.

En calquera caso, agradecemoslle o seu apoio a esta iniciativa porque polo menos se suman á cidade, porque todo o demais que vostede dixo respecto o Plan Xeral realmente é poñer unha traba enriba da cidade de Vigo, pero o que está vostede a dicir que agora vano apoiar.

Direille ademais que temos pensado que eses instrumentos de ordenación poidan estar aprobados nun ano e que en tres anos, como máximo, estea rehabilitado o edificio da Panificadora, ese é a nosa planificación.

Respecto aos señores de Marea de Vigo, para non apoiar esta iniciativa eu realmente non sei o pretenden, que queren que non se conserve? Que queren vostedes, que se constrúa aí, se tire todo, e que só se conserven os silos e se constrúan edificios de vivendas? Por se esa é a súa proposta pois obviamente estamos en contra, entón nos alegamos de que se absteñan, se esa é realmente a súa proposta. Pero se o que pretenden é a rehabilitación dese edificio cun proxecto arquitectónico singular que obviamente dependendo dos usos que situemos neles fundamentalmente públicos pedímoslle que se deixen de parvadas e que apoiem esta iniciativa.

VOTACIÓN: Con vinteún votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras , Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia e máis dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López, e tres abstencións dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 1.09.2016 (Rex. Nº 1414/1101), pola concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Caride Estévez, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

4(139).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA QUE ASUMA AS SÚAS COMPETENCIAS E ARTICULE UN CONVENIO CO FINANCIAMENTO COMPROMETIDO PARA A POSTA EN FUNCIONAMENTO DUN NOVO SERVIZO DE TRANSPORTE AO AEROPORTO DE VIGO. REXISTRO PLENO 1415/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 1 de setembro de 2016, número 1415/1101, a concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Marra Domínguez, formula a seguinte,

MOCIÓN

"Nos últimos anos desde a Xunta de Galicia vén discriminando ao aeroporto de Vigo con decisións de subvencións a outros aeroportos que prexudican gravemente ao tráfico e o número de viaxeiros no aeroporto de Vigo. O DOG 20/01/16 publica a Resolución da Consellería de Infraestruturas e Vivenda pola que se dá publicidade ao Convenio de Colaboración para a mellora do servizo de

transportes ao Aeroporto de Lavacolla, marxinando novamente ao aeroporto de Vigo.

Desde a denuncia desta situación, o Concello de Vigo vén demandando fai máis de sete meses que a Xunta de Galicia contribúa de forma decidida a mellorar o servizo de transporte público ao aeroporto de Vigo e subscriba un convenio onde se inclúa o financiamento comprometido para a mellora efectiva da conexión en autobús entre a cidade e o aeroporto de Peinador, na liña en que vén realizando co aeroporto de Santiago por un importe de 340.000 euros.

Neste sentido, a través da Concellería de Transportes e Proxectos Estatais e Europeos vén requirindo nas numerosas reunións mantidas ao longo deste ano coa Xunta de Galicia a remisión do texto de Convenio e o financiamento comprometido dun novo servizo de transporte bus express ao aeroporto de Vigo, tendo en conta que xa dispón de toda documentación necesaria desde o pasado mes de abril para proceder á tramitación e pronta iniciación da prestación do servizo.

Finalmente, o pasado 3 de agosto recíbese no Concello de Vigo un borrador de Convenio para a posta en funcionamento na Área Metropolitana de Vigo dun servizo de transporte ao aeroporto de Vigo, onde se inclúe un financiamento de 260.000 euros ano, aceptando as observacións realizadas a proposta do Concello de fixar unha tarifa ordinaria de 2 euros para o cálculo dos ingresos do servizo. Un convenio sobre o que se alcanzou un principio de acordo e que desde o Concello de Vigo acéptase asinalo o máis axiña posible.

Neste sentido, resulta inadmisíbel que tras alcanzarse un principio de acordo sobre o borrador de convenio inicial, remítase por parte da Xunta de Galicia o martes pasado unha proposta de convenio radicalmente distinta, con novos requirimentos como a inclusión do novo servizo no Plan de Transporte Metropolitano sen que se incorpore o financiamento adicional necesario, o que obriga a romper co equilibrio económico acordado nun inicio.

É por isto que propoñemos ao Pleno da Corporación o seguinte

ACORDO

Instar á Xunta de Galicia a que asuma as súas competencias e articule un convenio co financiamento comprometido para a posta en funcionamento dun novo servizo de transporte ao aeroporto de Vigo, incluíndo un financiamento adicional que cubra o déficit entre a tarifa ordinaria fixada en 2 euros e a tarifa bonificada de integrarse no Plan de Transporte Metropolitano de Vigo."

DEBATE:

SRA. MARRA DOMÍNGUEZ: Nos últimos anos a Xunta de Galicia ven discriminando ao Aeroporto de Vigo, con subvencións que se van facendo a outros aeroportos, ao

Aeroporto de Santiago de Compostela e Aeroporto de A Coruña, e prexudicando gravemente o tráfico e o número de viaxeiros ao Aeroporto de Vigo.

Estas subvencións, cantidades moitas delas millonarias para apoiar rutas dende Santiago de Compostela e A Coruña, vense a engadir convenios que ten asinado tamén con outros aeroportos, para subvencionar servizos de transporte ao Aeroporto de Santiago de Compostela, en concreto, a última prórroga que se concedeu, que se publicou no DOGA, do 20 de xaneiro de 2016, publica a resolución da Consellería de Infraestruturas e Vivenda, pola que se da publicidade ao convenio de colaboración para a mellora do servizo de transporte ao Aeroporto de Santiago de Compostela, marxinando novamente ao Aeroporto de Vigo, e cunha dotación de 340.000 euros. Dende a denuncia desta situación o Concello de Vigo ven demandando hai máis xa de sete meses que a Xunta de Galicia contribúa dunha maneira decidida a mellorar o servizos de transporte público ao Aeroporto de Vigo e subscriba na mesma liña, un convenio de colaboración onde se inclúa o financiamento comprometido para mellorar ese servizo de transporte, neste caso ao Aeroporto de Vigo, tamén cunha contribución similar, 340.000 euros.

Son numerosas as reunións que nestes sete meses vimos mantendo coa Xunta de Galicia, en todas esas reunións sempre solicitamos que se nos remitise un convenio, o convenio de colaboración, o financiamento comprometido, na mesma liña en que se ven facendo co Aeroporto de Santiago de Compostela, iso vimos demandando cando toda a documentación que por parte do Concello de Vigo se lle ten remitido para que, a maior brevidade posible, se poña en funcionamento este servizo.

Finalmente, despois de moitas reclamacións, numerosas cartas que se teñen remitido á Xunta de Galicia para que remitan este convenio, o pasado 3 de agosto recíbese no Concello de Vigo dito convenio, un borrador de convenio coa posta en funcionamento deste servizo, un borrador sobre o que chegamos a un principio de acordo, cunha dotación de 260.000 euros ao ano, e cun ingreso para ese servizo, cunha tarifa de dous euros, reitero é un convenio sobre o cal xa chegamos a un principio de acordo e polo tanto que esteamos dispostos a asinar nestes mesmos momentos.

Neste sentido resulta inadmisibile, non se entende que na última reunión mantida o 29 de agosto, a Xunta de Galicia cambiara radicalmente dito borrador e

incorporara un requirimento que para nada figuraba nese convenio, en concreto, incluía que de incorporarse este servizo de bus express ao Aeroporto de Vigo, de incorporarse dentro do transporte metropolitano, que o prezo neste caso que debería figurar xa non sería a tarifa de dous euros, senón que en caso de utilizarse dentro do transporte metropolitano, debería figurar unha tarefa de 0,86 euros. Reitero que é completamente inadmisíbel que se faga isto a data de 29 de agosto cando estábamos xa para asinar un convenio, e sobre todo porque o que se fai con elo é romper o equilibrio económico acordado inicialmente nese convenio inicial, por todo elo, porque propoñemos a este Pleno é que asuma as competencias que ten a Xunta de Galicia e articule un convenio de financiamento comprometido, de tal maneira que no caso de querer incorporar dito autobús ao Aeroporto de Vigo se cubra o déficit existente entre a tarifa ordinaria de dous euros, e a tarefa bonificada, de integrarse no Plan de Transporte Metropolitano.

Nesta liña solicitamos, esperamos que tódolos grupos deste Pleno, apoiem esta moción porque consideramos que é o razoable, é dicir, que de feito, se o que quere a Xunta de Galicia é que se incorpore no Plan de Transporte Metropolitano o que ten facer é aportar unha subvención maior para cubrir o custe e que non haxa déficit neste servizo.

SR. PÉREZ CORREA: Sumamos tamén a felicitación pola reincorporación da nosa compañeira de Corporación e unha benvida afectuosa.

Nós imos tentar que ao longo deste Pleno, que simplemente é un Pleno de mocións, quitarnos un pouco o peso que vai ter o proceso electoral das autonómicas, imos intentar falar de cuestións que teñen que ver precisamente coa competencias das administracións e coas situacións que están dadas precisamente desas competencias.

Esta moción, nós dixéramos xa o 29 de febreiro, cando chegara ao Pleno unha moción destas características que si que compartíamos o espírito dalgunhas cuestións que se introducen nesta moción pero dende logo, non cremos que a situación de Santiago de Compostela ou de A Coruña sexan vantaxosas co que nós estamos a propoñer.

En primeiro lugar, porque as dúas cidades xa teñen integrado o transporte metropolitano e polo tanto estes convenios que asina a Xunta e os dous Concellos

por certo, convenios nalgúns casos que a Xunta de Galicia está exercendo este tipo presión de última hora, como o Concello de A Coruña que está a punto tamén de rachar o transporte metropolitano, precisamente por eses cambios de última hora que a Xunta está a introducir nos acordos que hai sobre prezos e sobre liñas, pero non forman parte de ningún desagravio con respecto a Vigo, senón que Vigo está por agora, simplemente enunciado que imos estar nun transporte metropolitano, desenvolvido seguramente o que ten que ver coa tarxeta de transferencias metropolitana pero temos aínda que facer encaixe do transporte urbano. No caso de A Coruña e no caso de Santiago de Compostela é relativamente fácil, porque se aproveitaron dúas liñas interurbanas para conveniar coa Xunta de Galicia e polo tanto o autobús a Santa Comba no caso de A Coruña se convenia e o autobús a Lugo, dúas empresas adxudicatarias, se convenia e se pode financiar esa parte. Nós temos o problema de ter que adaptar, se existira algunha liña interurbana para podela facer dentro das competencias da Área Metropolitana, conveniala e a partir de aí obviamente equiparar seguramente prezos de billete, equiparar o mesmo ratio de paradas, o mesmo tempo de chegar a un aeroporto, porque senón o que estamos facendo é, se ao final é financiar unha liña urbana exclusivamente para o Aeroporto aviso que xa temos unha, en concreto a 9A que vai dende a praza Eugenio Fabrique ao Aeroporto e que tardará máis ou menos, pero se que estaríamos dentro dos prezos que marca obviamente o servizo urbano de transporte e as taxas que temos neste Concello.

Pero non se trata diso, entendemos que o que se está a pedir é non ao financiamento dunha liña regular de Vitrasa, entendemos que iso ten que ser unha cousa a maiores, e polo tanto, si que consideramos que aquí quen ten que asumir a maior parte do custo é a Xunta de Galicia, témolo absolutamente claro, porque por esa regra de tres estaremos faiando a un criterio por exemplo, que é absolutamente lóxico, que estamos a falar dun servizo que non entra dentro do transporte urbano senón que é un servizo express, que incluso terá que ter unha frecuencia e unha liña completamente diferente do que ten o Vitrasa que hoxe en día chega ao Aeroporto e nós aí asumimos que ten que ser a Xunta de Galicia a que faga ese pago.

Pero antes teremos que poñernos de acordo en como integramos o transporte urbano e se facemos unha excepcionalidade sobre esa liña porque non sería unha

liña interurbana, sería unha liña que só afecta ao Concello de Vigo e como sabemos dentro do acordo do transporte metropolitano o ámbito urbano de transporte queda dentro das competencias municipais, polo tanto, aquí outra vez entra unha situación de acordo entre dúas administracións que ten que darse.

A cuestión do prezo, agravio comparativo cando en Santiago de Compostela desprazarse dende o centro da cidade ao Aeroporto custa 3 euros, a pesares da existencia do transporte metropolitana, a nós parécenos que dous euros é un prezo razoable para un autobús express, que non é unha liña urbana e consideramos que non deberíamos utilizar o criterio tarifario do transporte metropolitano como se fora un simple transbordo, que de todas formas estaría cuberto para os cidadáns de fora de Vigo, e falemos dunha concesión nova, ou falemos dunha liña nova, obviamente que ten que ter un tempo de concesión para que ese autobús ou esa liña concesionaria teña un período de amortización e nós aí estamos de acordo en que a Xunta de Galicia asuma as súas competencias, que deixe de utilizar os cambios de última hora que xa está utilizando con A Coruña, neste caso tamén para o prezo do transporte metropolitano, e que as dúas administracións acorden pero que tamén saiba o Concello de Vigo que se nos deixe claro que non é financiar unha liña de Vitrasa que obviamente estaríamos a falar doutra cuestión, polo tanto, se iso é así, se estamos a falar dunha liña de carácter ou polo menos de sensación intermetropolitana estaríamos de acordo.

SR. GAGO BUGARÍN: O primeiro que debería reflexionar Sra. Marra, é sobre o funcionamento do transporte urbano da cidade, porque como xa lle dixemos no seu momento, tanto os usuarios, como os técnicos, como os organismos de calidade, ditaminaron que a cidade de Vigo ten o terceiro peor transporte urbano das 16 principais cidades de España, polo tanto, o primeiro, antes de entrar a un tema particular como é o autobús de Peinador, debería analizar porque temos un dos peores transportes urbanos de España. Só así se explica por exemplo, que a cidade de A Coruña teña máis usuarios do transporte público que a cidade de Vigo, tendo 50.000 habitantes menos e tendo a metade de extensión. Polo tanto, salta á vista que hai un problema, que vostedes teñen as tarifas máis caras con diferenza no que a estudantes e universitarios se refire, aquí lle dixen hai uns meses que Vigo cobraba 0,86 euros por traxecto, mentres que en cidades como Mallorca ou

Valladolid pagan 0,30 ou 0,44 euros, poderíamos falar de Sevilla, Zaragoza, poderíamos falar de tódalas grandes cidades de España practicamente que teñen unha tarifa máis reducida que a de Vigo, por iso a cidade de Vigo ten o transporte urbano máis caro e máis deficiente de España.

Por outra banda, aquí lle dixen tamén, xa que falan vostedes moito de que a Xunta de Galicia non inviste en Vigo e non inviste en Galicia, eu díxenlle que puxese en marcha a mesma medida que a Xunta de Galicia está a levar en marcha en toda Galicia, e que se a Xunta de Galicia pode por en marcha en Galicia o Concello de Vigo o pode por en marcha en Vigo, que é a gratuidade para os transportes dos menores de 19 anos, eu tróuxeno aquí para votar e todos votaron en contra en bloque, polo tanto deixen de falar da Xunta de Galicia e miren para o embigo porque a Xunta de Galicia se que inviste e si que fai algo por mellorar o transporte público e a calidade de vida e aforrar ás familias os cartos que supón o transporte. Por outra banda, Sra. Marra, en segundo lugar, gustaríame saber cando teñen pensado poñer en marcha o transporte metropolitano, chegamos un ano e medio máis tarde, asinamos o convenio hai dous meses e aínda a día de hoxe non temos o transporte metropolitano en funcionamento, non sei canto tempo máis ten que esperar a cidade de Vigo para poder gozar deste servizo, que como vostede saben aforra máis de mil euros por cidadá ao ano e a cidade de Vigo como sempre, nin se adapta nin ten previsións e chegamos tarde e sempre incorpora estes servizos tarde.

Por outra banda, como ben lembrará, en febreiro deste ano, eu presenteille aquí a mesma moción que hoxe estamos a falar, practicamente idéntica, presenteille eu aquí unha conexión e a necesidade dunha lanzadeira co Aeroporto de Vigo, sabe o que nos dixeron? Que non, dixeron que non, e resulta que dous meses máis tarde viñeron exactamente igual, en vez de cinco paradas como nós propoñíamos, sete, pero exactamente igual, unha lanzadeira que pasase polas principais infraestruturas de transporte da cidade como era unha cuestión que cae de caixón, porque tiñamos un servizo que tiña 16 paradas e que tardaba máis un vigués en coller o Aeroporto de Vigo en transporte público que no tempo que tarda o voo a Madrid ou no tempo que se tarda en chegar a Santiago de Compostela a coller o voo de Lavacolla, iso era unha vergoña ter a cidade de Vigo unha conexión dese calibre, por iso nós llo presentamos aquí, dixeron que non e dous meses máis tarde

o puxeron en marcha, esa é a diferenza entre facer as cousas, propoñelas e despois saber recoñecelo.

Por outra banda, Sra. Marra, falando do financiamento, a min o primeiro que preocupa é que vostede nestas últimas conversas, resulta que falaron algo da rotulación e da antigüidade dos autobuses, eu espero que neste caso non estea a falar en representación do comité de empresa de Vitrasa e espero que non se vaian a empregar autobuses antigos e non adaptados, quero pensar que os autobuses serán adaptados e estarán acordes a un servizo como ten que ser o de transporte ao Aeroporto de Vigo.

Como ben sabe o 100% do percorrido desta lanzadeira, deste autobús, vai ser urbano, non hai ningún outro servizo de transporte ao Aeroporto en Galicia das outras cidades de Galicia que teñen o Aeroporto que teñan un percorrido 100% urbano, e polo tanto, que sexa competencia municipal, polo tanto a Xunta de Galicia está asumindo un custe, un servizo que non lle competería como vostede ben sabe, e sen embargo seguen constantemente poñendo trabas no asunto.

Ademais vaise financiar nos mesmos termos que no de A Coruña e que Santiago de Compostela, e se en Santiago de Compostela un cidadá pode utilizar a tarxeta metropolitana e que lle custa 0,86 euros, porque aquí lla temos que cobrar o dobre Sra. Marra? Iso é o que nós non entendemos e dende logo nós o grupo municipal do Partido Popular non vai estar de acordo con esa proposta e creo que os cidadán tampouco van entender porque teñen que paga o dobre.

SRA. MARRA DOMÍNGUEZ: Primeiramente agradecer o apoio ao grupo municipal de Marea de Vigo, parece que entenderon a moción que é moi clara, o que nos está a dicir é que esta é unha competencia da Xunta de Galicia polo tanto, a Xunta de Galicia ten a competencia en mellorar os transporte aos aeroportos, non só aos aeroportos de Santiago de Compostela, de A Coruña, senón tamén ao de Vigo, e iso é o que se pide nesta moción, pídese que se dea unha subvención na mesma liña, similar a como se está a facer ao Aeroporto de Santiago de Compostela e ao de A Coruña, polo tanto o que se está pedindo e que non se discrimine a Vigo, agradeceréi o apoio, parece que entenderon a moción.

Quen non entendeu para nada a moción é o grupo Popular, ou non entendeu o non quixo entender, que eu creo que é pola liña que nos están a dicir, eu o que creo e

coas distintas reunións que mantivemos coa Xunta de Galicia é que están na mesma liña, e que non queren este servizo de autobús ao Aeroporto, este bus express, este é un servizo especial, rápido, fluído cun novo autobús, porque só parecen que puxeron trabas, o fixeron co percorrido, primeiramente dicindo que non, toca tódolos puntos neurálxicos desta cidade, todos, e non só vai prestar servizos aos cidadáns de Vigo, que si que o vai prestar, sobre todo vai prestar servizo aos restantes cidadáns da área metropolitana, é por iso, como é unha competencia da Xunta de Galicia é a Xunta de Galicia a que debe financiar este servizo ao Aeroporto, e iso é que estamos pedindo, que estamos dicindo aquí? Que de querer incorporalo no transporte metropolitano de Vigo, nós dicimos que si, oian ben, dicimos que si que se incorpore no transporte metropolitano de Vigo, o único que estamos a pedir é que financie, que o financie a Xunta de Galicia, é a súa competencia e polo tanto ten que facer unha achega maior.

Fixamos unha tarifa, dous euros, reitero, razoable, barata, por certo, unha tarifa á que chegamos cun principio de acordo pero parece que o Partido Popular non se decata, cun principio de acordo coa Xunta de Galicia, nese principio de acordo a Xunta de Galicia unilateralmente rompeuno, e digo ben, rompeuno, cando trae a maiores, nesta última reunión do 29 agosto, unha nova proposta radicalmente distinta, nesta proposta se nos di que de incorporalo no transporte metropolitano de Vigo, que queren que se incorpore no transporte metropolitano de Vigo e que a nova tarefa que queren fixar é de 0,86 euros, o único que estamos a dicir dende aquí é que así non viable este servizo, que se realmente o que queren facer é financialo, financien o déficit, deixen de marear.

VOTACIÓN: Con dezasete votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora, Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, e sete abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 1.09.2016 (Rex. Nº 1415/1101), pola concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Marra Domínguez, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

5(140).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA SOLICITANDO Á CONSELLERÍA DE SANIDADE QUE A POBOACIÓN DAS ÁREAS SANITARIAS DE PONTEVEDRA E SALNÉS VOLVAN TER COMO REFERENCIA PARA CIRURXÍA CARDÍACA E OUTRAS AS UNIDADES E SERVIZOS DISPOÑIBLES NO COMPLEXO HOSPITALARIO DE VIGO. REXISTRO PLENO 1416/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 1 de setembro de 2016, número 1416/1101, o concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Rodríguez Escudero, formula a seguinte,

MOCIÓN

"Desde a primavera do ano 2012, a Consellería de Sanidade adscribiu as Áreas Sanitarias de Pontevedra e do Salnés á de Santiago para os tratamentos Cirurxía Cardíaca, Hemodinámica, Cirurxía Plástica, Cirurxía Torácica, Cirurxía Pediátrica, Fecundación In vitro. Isto supón retirar 300.000 persoas que tiñan como referencia estes servizos, no complexo Hospitalario de Vigo.

Aínda que esta medida presentouse oficialmente como temporal e reversible nos primeiros meses do 2012, o recorte orzamentario en orzamentos do SERGAS para o exercicio 2013, obrigou ao complexo Hospitalario de Vigo a diminuír a actividade dos devanditos servizos no Sur de Galicia. Iso supón na práctica a irreversibilidade da medida tomada e a perda o Complexo Hospitalario das 300.000 persoas. Poboación necesaria para a eficiencia, consolidación e crecemento das devanditas unidades e servizos.

Con efectos a partir do 15 de setembro de 2013, a Consellería de Sanidade do Goberno da Xunta, puxo en funcionamento a Instrución 007/2013 pola que se establecen os criterios de derivación de pacientes entre estruturas organizativas de Xestión Integrada do SERGAS.

Este recorte territorial e poboacional da Área de Vigo afecta a servizos da

transcendencia de Cirurxía Cardíaca, Hemodinámica, Cirurxía Plástica, Cirurxía Torácica, Cirurxía Pediátrica, Fecundación In vitro.

Se unha medida deste tipo nunca tivo a mais mínima xustificación técnica, agora moito menos, precisamente cando a Xunta de Galicia non se cansa en proclamar de que grazas ao NHV existen todos os recursos necesarios na área capaces de asumir a demanda que antes era imposible.

É por isto que propoñemos ao Pleno da Corporación o seguinte

ACORDO

Solicitar da Consellería de Sanidade que a poboación das Áreas sanitarias de Pontevedra e do Salnés volvan ter como referencia para Cirurxía Cardíaca, Hemodinámica, Cirurxía Plástica, Cirurxía Torácica, Cirurxía Pediátrica, Fecundación In vitro as unidades e servizos dispoñibles no Complexo Hospitalario de Vigo, coa dotación orzamentaria correspondente á Área que faga posible atender a referida demanda."

DEBATE:

SR. RODRÍGUEZ ESCUDERO: Retomando a mención feita polo presidente deste Pleno hai uns momentos, alégrome moito persoalmente do retorno da Sra. González a este Pleno e a estas actividades municipais. Os que na lexislatura anterior desta corporación sufrimos algún tipo de incidencia dese tipo, sabemos a emoción e o que significa o apoio nestes momentos tan difíciles.

Xa no ámbito da moción que me tocou defender no nome do grupo municipal socialista, como saben vostedes dende a primavera do ano 2012, a consellería de Sanidade escribiu a Área Sanitaria de Pontevedra e do Salnés, á de Santiago de Compostela para o tratamento de cirurxía cardíaca, hemodinámica, cirurxía plástica, torácica, pediátrica, e fecundación in vitro. Isto supón retirar 300.000 persoas que tiñan como referencia estes servizos no complexo hospitalario de Vigo, aínda que esta medida se presentou oficialmente como temporal, irreversible nos primeiros meses do ano 2012, o recorte presupostario en orzamentos do SERGAS para o exercicio do 2013 e sucesivos, obrigou ao complexo hospitalario de Vigo a reducir a actividade de ditos servizos na área sur de Galicia, iso supón a práctica, a irreversibilidade na toma desta medida e a perda polo complexo hospitalario das 300.000 persoas, poboación necesaria para a eficiencia,

consolidación e crecemento das unidades e servizos.

Con efectos do 15 setembro do ano 2013, a Consellería de Sanidade do Goberno da Xunta de Galicia puxo en funcionamento a instrución 07/2013, pola que se establecen os criterios de derivación de pacientes entre estruturas organizativas e de xestión integrada do SERGAS, este recorte territorial e poboacional da Área de Vigo afecta a servizos da transcendencia da cirurxía cardíaca, hemodinámica, cirurxía plástica, torácica, pediátrica e fecundación in vitro, se esta medida nunca tivo a máis mínima xustificación técnica, agora moito menos, precisamente cando a Xunta de Galicia non se cansa en proclamar de que gracias ao novo hospital de Vigo existen tódolos recursos necesarios na área capaces de asumir a demanda que antes era imposible.

Esta medida de restrición, de retirada de 300.000 persoas á área que cualitativamente é moito máis importante que a retirada dunha poboación determinada, é a expresión de tres ámbitos, por unha banda, a expresión do acoso e desprezo da Xunta de Galicia á área sanitaria de Vigo e concretamente este cidade.

Xa manifestou co modelo de hospital elixido, cos centros de saúde non realizados ou con medidas doutro tipo como son restricións de dereitos e servizos nesta área, é a expresión tamén de algo peor que é a mentira sistemática como forma de facer política, posto que na toma de decisión e na expresión desta decisión se empregaron as formas máis torticeiras, a mentira como elemento de xustificación dunha medida que non ten xustificación técnica nin política e menos administrativa.

Por outra banda é a expresión tamén da falla de compromiso do Partido Popular con esta cidade, con esta área sanitaria.

Polo tanto, dende o grupo Socialista deste Concello solicitamos, por segunda vez neste Pleno, que a poboación das áreas sanitarias de Pontevedra e do Salnés, volvan ter como referencia para cirurxía cardíaca, hemodinámica, cirurxía plástica, torácica, pediátrica, fecundación in vitro, as unidades e servizos dispoñibles no Complexo hospitalario sanitario de Vigo, coa dotación presupostaria correspondente á área e que faga posible atender a referida demanda.

SRA. LÓPEZ BARREIRO: Dende a Marea de Vigo imos votar a favor desta proposta

feita polo Partido Socialista, pois consideramos e estamos de acordo con todo o que nela expresa e queremos engadir que segundo explicaba o Sr. Felix Rubial no seu día, as modificacións que se levaron a cabo entre as áreas sanitarias o que perseguían era unha maior equidade entre os usuarios e un maior equilibrio na repartición da poboación que atende cada área sanitaria. Tamén dicía o Sr. Rubial naquela altura, que o que se primaba dende o SERGAS era a calidade asistencial máis que a proximidade, ben, pois contrariamente o que dicía o agora xerente do Álvaro Cunqueiro, a Asociación Galega pola defensa da sanidade pública xa denunciaba e así se demostra que esta reestruturación non se baseaba en criterios de racionalidade senón en intereses políticos. Como exemplo de irracionalidade das derivacións de pacientes asociados a estes cambios están a do hospital do Salnés en Vilagarcía, poboación que sería atendida neste centro para as consultas de medicina interna, no hospital provincial de Pontevedra para neuroloxía, no hospital de Montecelo para uroloxía, no complexo hospitalario de Santiago de Compostela para cirurxía torácica, en Galaria, aquí en Vigo para radio terapia, en POVISA tamén en Vigo, para cirurxía máximo facial e queimados, no complexo hospitalario de Santiago de Compostela para neurocirurxía, cirurxía pediátrica e intervencionismo cardíaco, dobrando neste caso o tempo de intervención nunha especialidade onde tempo é ouro, segundo os cardiólogos, e en empresas privada como Friat, se padece de insuficiencia renal e o hospital Domínguez se se sofre accidente por estrada.

Esa estratexia tiña tres obxectivos políticos, adaptar o tamaño e dotación do novo hospital de Vigo, agora o Álvaro Cunqueiro aos recortes realizando o proxecto como así se demostrou para reducir custos e maximizar ganancias ás empresas privadas concesionarias, perpetuar o concepto singular con POVISA que aumentou o seu presuposto en 75 millóns ao ano, ampliando a súa vixencia a dez anos, algo inaudito dende a óptica da xestión que supón que se manterá para sempre, pese a que a súa lista de agarda segue sendo máis alta que a dos centros públicos, e ampliar a poboación de referencia nalgúns especialidades do complexo hospitalario de Santiago de Compostela sen afectar a determinados centros de poder. En resumo, ganan determinadas empresas e profesionais máis pretos ao poder e perden as cidadás/á e pacientes de Vigo, Pontevedra, Morrazo, Salnés que teñen un hospital de segundo nivel no caso de Vigo, perden o hospital único de

Pontevedra, deben facer esforzos en comodidades para acceder aos servizos nas áreas de Pontevedra e no Salnés e soportan listas de agarda no Morrazo, Coia e Val Miñor, pois como di a proposta do Partido Socialista, agora que o Partido Popular sostén que existe todos o recursos necesarios na área para asumir a demanda que antes parecía imposible, nós apoiamos esta proposta para que se reverta a actual situación con tódalas garantías que fagan posible atender a referida demanda.

SR. PIÑEIRO LÓPEZ: Imos comezar en canto a ese suposto recorte orzamentario do que fala Sr. Rodríguez Escudero, pois a dotación orzamentaria na área de Vigo non se viu diminuída por esa reordenación das áreas sanitarias de Galicia, se vostede comproba a evolución de gasto en atención especializada na área de Vigo, que son datos que coñece perfectamente, pode comprobar que non só se reduciu a dotación orzamentaria senón que foise incrementando a pesares da dura etapa que tocou vivir, concretamente no 2012, 249 millóns de euros; no 2013, 251 millóns de euros; no 2014, 260 millóns de euros e no 2015, 282 millóns de euros, este procedemento tivo razón de ser, no seu momento, para permitir mellorar a ordenación da asistencia sanitaria en Galicia, e permitir un reparto equitativo das cargas asistencias entre os tres grandes centros hospitalarios do terceiro nivel en Galicia, pero esta medida efectúose como elemento transaccional orientada a garantir o que dende sempre foi o gran obxectivo da consellería, que foi a libre elección de centro, non se esqueza que nese mesmo ano 2013, promulgouse a Lei 12/2013, do 9 de decembro, de garantías de prestación sanitarias e que ten como unha das súas liñas máis importantes a libre elección de centro, efectivamente esta lei foi desenvolvida normativamente a través do decreto 55/2015, do 26 de marzo, polo que se regula o exercicio de dereito á libre elección de centro ou complexo hospitalario, así como a elección de médico familia, pediatra e persoal de enfermería e persoal de atención primaria. É evidente que nun contexto onde a cidadanía pode elixir non teñen sentido as referencias que manteñen cativos aos pacientes, esta reordenación territorial permitiu que os devanditos servizos mantiveran e incluso incrementasen a súa actividade asistencial de Vigo e de Ourense, cun obxectivo prioritario, que é diminuír a lista de espera nestas áreas, unha grande necesidade da nosa área sanitaria.

En conclusión, non se fixeron recortes orzamentarios, ao revés incrementáronse as

dotacións na área de Vigo, polo que non ten sentido reclamar ese incremento neste momento, a reordenación das áreas sanitarias permitiu optimizar os recursos sanitarios facilitando a libre elección de centro por parte dos pacientes e ademais reducir a lista de espera en Vigo. Eses servizos, cirurxía cardíaca, torácica, pediátrica, hemodinámica, plástica, fecundación in vitro, poden prestar un maior servizo aos pacientes da área sanitaria e reducir as listas de espera sen mermas das súas posibilidades de desenvolvemento. Os vigueses teñen grazas a esta ordenación e grazas ao novo hospital público de Vigo unha asistencia tan boa como foi sempre neses servizos, cunha menor espera para intervir. Contando ademais coa liberdade de elixir libremente onde ser atendido, exercendo os seus dereitos.

Lémbrolle que os pacientes puxeron un notable alto esta semana a este ano de traballo no novo hospital de Vigo, incrementamos os dereitos, a mentira que vostede di da Xunta de Galicia, o acoso, non ten ningún tipo de xustificación, mentira son as que non se cree ninguén das súas descualificacións, a mostra é a manifestación que fixeron este sábado cunha asistencia realmente ridícula, fronte a súa acusación de acoso a Xunta de Galicia aposta e ten compromiso coa área sanitaria de Vigo, diminuíndo a súa lista de espera e ofrecendo un servizo de calidade 100% público.

SR. CAYETANO ESCUDERO: Eu ante a evidencia das contradicións que se meteron con este tema, eu pensei que ían ter unha postura máis honesta e coherente e ían polo menos a apoiar ou absterse, e ao contrario, vexo que facendo un papel que realmente non creo que lle guste a vostede moito pois defende unha moción presentada aquí lexitimamente e con todas as da lei, pois cuns razoamentos que non teñen nada que ver e que son politicamente e tecnicamente moi pobres.

En primeiro lugar, eu non falei do orzamento na área sanitaria, eu falei da área sanitaria e respecto concretamente ao ámbito do que foi a redución nestes servizos correspondentes, e iso está totalmente avalado pola evolución do presuposto nestes últimos anos ás unidades correspondentes que prestaron.

En segundo lugar, hai unha cousa que non se mantén en pe, o tema da libre elección iso é un canto ao Sol primeiro porque non existe como tal, e segundo, nos servizos terciarios tampouco, menos, porque os servizos terciarios, compañeiro de

Corporación, permítame que lle diga algo que coñezo bastante, forma parte dos servizos de referencia nos cales é imprescindible unha masa crítica de poboación para garantir a calidade, a seguridade e a eficiencia, pero isto non o di este pobre concelleiro, dio por exemplo o Sr. Carlos Macaya presidente da Sociedade Española de Cardioloxía, onde di que a cirurxía cardíaca e intervencionista ten que ter como mínimo un 1.200.000 persoas para que se poida defender a calidade, seguridade e a eficacia e que non o di tampouco este experto, dio este pobre concelleiro, insisto, dino os estándares do Ministerio de Sanidade, onde no ano 2011 di que fan falla máis de 600 casos e unha poboación de 1.200.000 habitantes para defender iso. E dino tódalas normas da comunidade europea, onde se fixa nun mínimo de 1.200 cirurxías ao ano, isto foi un capricho para cumprimentar os caprichos da área sanitaria de Santiago de Compostela que necesitaban unha poboación para manter os seus servizos, dous servizos de cirurxía cardíaca na mesma provincia, sabe vostede que este servizo de cirurxía cardíaca de Vigo na evolución que ten está condenado a estancarse e a non evolucionar porque o número de poboación, os casos, non dan para a súa garantía de continuidade e calidade.

VOTACIÓN: Con dezasete votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora, Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, e sete votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 1.09.2016 (Rex. Nº 1416/1101), polo concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Rodríguez Escudero, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

PARTE DE CONTROL

6(141).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.

Dáse conta ao Pleno da Corporación das resolucións asinadas pola Alcaldía-Presidencia, entregadas na Secretaría Xeral do Pleno para a súa incorporación ó correspondente Libro de Resolucións, entre as datas 23 de xuño e 21 de xullo de 2016.

7(142).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS ASINADAS POR CONCELLEIROS/AS DELEGADOS/AS.

Dáse conta ao Pleno da Corporación das resolucións asinadas polas concellerías delegadas, entregadas na Secretaría Xeral do Pleno para a súa incorporación ó correspondente Libro de Resolucións, entre as datas 23 de xuño e 21 de xullo de 2016.

MOCIÓNS DE CONTROL.

8(143).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE MAREA DE VIGO INSTANDO Á CORPORACIÓN AO CESE INMEDIATO DO DESMANTELAMENTO DO LABORATORIO MUNICIPAL, POTENCIÁNDOO NA NOVA ÁREA METROPOLITANA. REXISTRO PLENO 1412/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 31 de agosto de 2016, número 1412/1101, o voceiro do grupo municipal marea de Vigo, Sr. Pérez Correa, formula a seguinte,

MOCIÓN

“O Concello de Vigo, conta, dende máis de 100 anos cun Laboratorio Municipal,

único en Galicia, cuns niveles, tanto profesionais como en infraestruturas comparables ós laboratorios de grandes cidades.

Este laboratorio público ademais , é o único co que contamos na zona do sur e o leste de Galicia, posto que, dende o 2013, a xunta levou a cabo a centralización dos laboratorios deixando soamente como Laboratorio de Saúde Central o laboratorio de Lugo.

O que resulta, por razóns obvias, pouco práctico e eficaz á hora de levar a cabo análises de, por exemplo, augas da zona de Vigo, e aínda resultando máis grave no caso dunha posible alerta sanitaria.

En cambio, nos últimos meses, dun xeito intermitente, estamos asistindo o intento do que semella o desmantelamento do Laboratorio Municipal por parte de este Goberno Local. Pouco a pouco tratando de recolocar o cadro de persoal noutros servizos e deixando baleiras as funcións deste laboratorio.

Quizais á veciñanza de Vigo se lle está ocultando silenciosamente o gravísimo feito de que non se están facendo as análises necesarias no auga que consumimos nas nosas casas, ou mesmo nas fontes, o redor de 400 fontes que hai no municipio, onde xa non se informa da potabilidade do auga; do mesmo xeito que tampouco se establecen os controis necesarios sobre a empresa adxudicataria da xestión do auga, AQUALIA, o que, a este grupo municipal lle chama a atención, e evidencia que seguramente na “orquestación” do desmantelamento do único ente público que lles pode controlar, teñan como mínimo algún interese.

E que ademais este laboratorio tamén é o que ten as competencias sobre a inspección e control dos verquidos na rede de sumidoiros procedentes das actividades industriais e comerciais, e mesmo do control, tratamento e prevención das diferentes pragas que se poidan dar no municipio, co servizo de desratización, desinsectación e desinfección da rede de sumidoiros e en definitiva, todo aquel espazo e inmovible público.

As escasas respostas dadas por este goberno municipal sobre o que está a acontecer no Laboratorio Municipal, parecen centrarse en, por un lado, a non ter a acreditación ENAC, feito completamente irrelevante posto que, a calidade operativa do laboratorio está avalada tanto pola práctica intercomparativa como polo propio sistema de xestión da calidade implementado no laboratorio; e, porque ademais, resulta unha cuestión de vontades a solicitude de obtención do devandito certificado, do mesmo xeito que unha empresa calquera solicita un certificado de calidade.

Por outro lado, a outra resposta que este Goberno Municipal da sobre o laboratorio, ven do que xa estamos acostumbradas e acostumbrados todos neste Concello, de xeito completamente arbitrario e “para o que me interesa”, baseándose nas competencias municipais que proporciona a este ente local a Lei 7/85 reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local. Na que, curiosamente, e entrando en contradición co Goberno Municipal, se recollen as competencias propias dos

concellos, en concreto, no artigo 25, onde a mesma lei establece as competencias dos concellos, que poden promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal. E, máis aló, partindo da existencia do Real Decreto 140/2003, cuxo texto consolidado foi modificado o 30 de xuño deste mesmo ano 2016, polo que se establecen os criterios sanitarios da calidade do auga de consumo humano, onde di que:

Sin perjuicio de lo establecido en la Ley 14/1986, de 25 de abril, General de Sanidad, y

en la Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases de Régimen Local, se establecen

las siguientes responsabilidades en el ámbito de este Real Decreto:

1. Los municipios son responsables de asegurar que el agua suministrada a través de cualquier red de distribución, cisterna o depósito móvil en su ámbito territorial sea apta para el consumo en el punto de entrega al consumidor.

2. Cuando la captación o la conducción o el tratamiento o la distribución o el autocontrol del agua de consumo lo realice un gestor o gestores distintos del municipio, éste velará por el cumplimiento de este Real Decreto por parte de los mismos. La responsabilidad de los gestores finaliza en el punto de entrega a otro gestor o en la llave de paso general de la acometida del consumidor.

3. Los municipios velarán por el cumplimiento de las obligaciones de los titulares de los establecimientos que desarrollen actividades comerciales o públicas en relación con lo que señala esta disposición.

4. Corresponde a los municipios el autocontrol de la calidad y el control en grifo del agua que consume la población en su municipio cuando la gestión del abastecimiento sea de forma directa.

5. Cuando la gestión del abastecimiento sea de forma indirecta, el autocontrol de la calidad del agua de consumo humano es responsabilidad de los gestores, cada uno en su propia parte del abastecimiento.

6. Si la calidad del agua de consumo humano sufre modificaciones que impliquen que de forma temporal o permanente no sea apta para el consumo, en cada uno de los casos que señalan los apartados 1, 2 y 3 del presente artículo, el gestor deberá poner en conocimiento de la población y/o de los otros gestores afectados, así como del municipio, en su caso, dicha situación de incumplimiento, las medidas correctoras y preventivas previstas, a través de los medios y en la forma que considere más adecuada, de acuerdo con la autoridad sanitaria, a fin de evitar cualquier riesgo que afecte a la protección de la salud humana....

Xunto co artigo 20, onde di:

Control en el grifo del consumidor.

1. Para las aguas de consumo humano suministradas a través de una red de distribución pública o privada, el municipio, o en su defecto otra entidad de ámbito local, tomará las medidas necesarias para garantizar la realización del control de la calidad del agua en el grifo del consumidor y la elaboración periódica de un informe sobre los resultados obtenidos...

Temos o privilexio de ter, en Vigo, un Laboratorio municipal dotado dos medios materiais e humanos precisos, e , agora, coa creación da Área Metropolitana, a oportunidade de potenciar o seu uso para os Concellos da Área, dando así un servizo eficaz, profesional e sobre todo independente, onde non medien intereses de empresas adxudicatarias de servizos públicos nin outras sensibles de provocar verquidos que poidan ser perigosos para a saúde humana e que, a día de hoxe, pasarían case que inadvertidos.

Isto non é nin máis nin menos que outra defensa dos servizos públicos, o mesmo nivel que a defensa da Sanidade Pública tal e como se está a facer con todo o que rodea o Hospital Álvaro Cunqueiro; Defender o Laboratorio Municipal tamén é defender a Sanidade Pública. Así como tamén é, como sempre, unha cuestión de vontades, e de novo, de entender a importancia da calidade e mesmo existencia dos servizos públicos.

Polo exposto, instamos a esta Corporación municipal a tomar o seguinte

ACORDO

1- O cese inmediato de todas as accións que se están levando a cabo con respecto o desmantelamento do laboratorio municipal, tales como os traslados de persoal do laboratorio a outros servizos do Concello e todas aquelas accións que supoñan o baleirado parcial ou total do Laboratorio Municipal

2- Levar a cabo as accións necesarias para potenciar o Laboratorio Municipal cara a ser a referencia na nova Área Metropolitana, coas xestións necesarias para a obtención dos certificados pertinentes e mesmo a xestión da partida orzamentaria adecuada para tal fin.”

DEBATE:

SR. PÉREZ CORREA: É algo recorrente neste Pleno, ese debate sobre que competencias ou non asume un concello, que competencias temos as administracións locais e sobre todo cando hai un interese como o que ocupa esta moción, non imos discutir o debate seguramente a posteriori vai a ser sobre quen ten competencias ou quen ten a capacidade sobre analíticas de auga ou que ten que ver precisamente coa calidade do servizo de abastecemento de auga, pero

mesmo tamén co servizo e as calidades que existen tamén en alimentos, nun montón de cuestións que ao longo de máis de 100 anos de historia ten asumido unha “rara avis” dentro dos concellos galegos que é o laboratorio municipal en Vigo, seguramente o baile competencial seguramente o concelleiro que interveña nos vai dicir que isto é competencia da Xunta de Galicia, que hai un proceso de transmisión importante de competencias nesta materia e sobre todo despois desa lei de augas que espero e confío que despois do 25 de setembro, se poida eliminar e todo o que teña percorrido co canón da auga desapareza.

Pero porque digo e quero empezar coas cuestións das competencias, porque este baile levámolo sufrindo polo menos dende que estamos presentes nesta Corporación a Marea de Vigo, e porqué dicimos que isto é un debate absolutamente fraudulento? Porque os concellos seguen asumindo as competencias que queren, cando queren e como queren, este Concello é un que exemplo de asumir competencias que non son súas, dende as subvencións ás liñas aéreas ou as becas de inglés, repito, é non é algo que denuncie eu senón que o denuncia a Federación Española de Municipios e Provincias xa dende moito anos, e incluso pedíndolle á FEMP ao Concello naquela altura, o propio Ministro de Facenda o Sr. Solves e despois nalgún momento os Ministros de Facenda o Partido Popular que se cuantificaran cantos recursos económicos derivan os concellos para competencias que non súas. Pero aínda así, asumindo esa cuestión de que o laboratorio municipal non é competencia ou polo menos, cousas que se facían no laboratorio municipal son competencias asumidas pola Xunta de Galicia, nós imos a defender e imos pedir explicacións porque se desmantela un servizo municipal que podería perfectamente asumir o desastre que a Xunta de Galicia está a facer con competencias asumidas, e explicámonos, temos un laboratorio municipal de máis e 100 anos, con persoal cualificado, con capacidade para levar a cabo controis paliativos de cuestións que por exemplo aínda que foran competencias autónomas sistematicamente os traballadores autonómicos da Xunta de Galicia que teñen que facer esas atribucións, denuncian que non se están a facer, e polo tanto, se nós temos ese instrumento e ese instrumento é perfectamente sostible, queremos saber non só xa o “ruse e ruse” do desmantelamento do laboratorio municipal, que xa é unha evidencia, porque os traballadores recibiron o decreto de traslado e xa se lles di abertamente que desaparecen do servizo do laboratorio

municipal e queremos saber precisamente porque se desmantela un servizo que pode paliar determinadas cuestións que nós imos a poñer enriba da mesa. En primeiro lugar, poñemos en dúbida que se estean a facer os controis sanitarios adecuados ás fontes de auga pública e ó servizo de abastecemento de auga, e non o poñemos en dúbida nós, póneno en dúbida os traballadores/as do servizo da Xunta de Galicia de sanidade ambiental que xa estiveron máis de 15 días en folga e alertaron de que a Xunta de Galicia non cumpría en moitos casos esa función, e polo tanto, ó único, ou dos poucos concellos deste país que ten un mecanismo público para ver se realmente os vigueses/as estamos consumindo auga de calidade, non só nas fontes públicas senón tamén no abastecemento, ese servizo decidimos desmantelalo en aras dalgunha cuestión que a nós nos gustaría que se nos clarificara, se é unha cuestión de orzamento, se é unha cuestión dun gasto excesivo dun laboratorio municipal, xa digo atípico e que moitos concellos deste país gustaríalle ter e vou poñer un exemplo, ao Concello de Ferrol gustaríalle ter un laboratorio municipal para contrarrestar precisamente a xestión da Xunta de Galicia en materia de sanidade e en materia de abastecemento, e se temos ese instrumento decidimos desmantelo, perfecto, que se explique por que, porque hai outras cuestións que seguramente non son competencia municipal que se manteñen dunha maneira notable e porque poñemos en dúbida tamén que non poida xogar un papel, e tamén está nesa moción, dentro da Área Metropolitana, entendendo que o único laboratorio de referencia de sanidade ambiental da Xunta de Galicia está na provincia de Lugo. E cando se di que este laboratorio non está homologado eu pido a este Pleno que se diga a este Pleno cal é a homologación, porque se estamos falando de certificacións ou estamos a falar de homologacións son cousas diferentes, as certificacións é certificar o teu proceso e podes certificarlo ou non, pero non invalida o teu traballo, quero saber que homologación é, porque non existe nin listado de laboratorios homologados deste Concello por exemplo, para licencias de vertido das licencias de actividade das empresas, e polo tanto, como non hai información que se clarifique na segunda quenda pasaremos o contido concreto do que pedimos.

SR. GAGO BUGARÍN: Eu estou convencido de que o que hoxe estamos da debater aquí non é compartido pola maior parte do goberno municipal, porque estar de

acordo, a favor de desmantelar o organismo municipal que ven controlando a tranquilidade, calidade e salubridade da auga que beben diariamente milleiros de vigueses/as é ter moi pouco interese pola integridade física dos seus veciños. Non se me ocorre ningún departamento neste Concello que garanta a saúde pública, que o laboratorio que ven controlando a calidade das augas das fontes públicas dende hai máis dun século.

É increíble ter escoitado ao Alcalde desta cidade facer demagogia macabra, dicindo que ía morrer xente no Álvaro Cunqueiro porque a pesares de ter un laboratorio de 400 metros cadrados, o laboratorio central, está no Meixoeiro, xa se ve os resultados, a primeira manifestación 50.000 persoas, a segunda manifestación 5.000 e á terceira, o sábado nin 500, a xente non se cree as mentiras, as cre unha vez, dúas pero a terceira xa non cala, esa é realidade de facer demagogia macabra e mentres vós vos manifestades, por detrás, á “chita calando” estades desmantelando o organismo público, o laboratorio municipal cuxa única saída curiosamente é unha privatización, esa é a demagogia. Temos a sorte de contar en Vigo con máis de 400 fontes públicas que ademais non teñen filtros, non teñen cloro porque é auga natural que bebe tranquilamente, que é a de mellor calidade que hai en Vigo e que utilizan milleiros de veciños/as, non só nas parroquias senón no centro, que a xente do centro vai as parroquias a coller a auga das fontes públicas, porque a súa calidade é mellor a auga embotellada e a auga da billa e vós queredes desmantelar o laboratorio municipal que ven controlando a calidade desas augas durante máis dun século, é increíble e inaceptable, temos a sorte de contar cun laboratorio municipal que ten unha infraestrutura, que ten unhas condicións e unha maquinaria impresionante, que é o único laboratorio municipal que temos no Sur de Galicia, que ademais é moito máis competente que laboratorios de cidades que teñen máis habitantes que a cidade de Vigo, e vós, de 114 anos de historia querédelo desmantelar e privatizar, é increíble e inaceptable que hoxe esteamos aquí.

Tamén falan vostedes das competencias, eu non vou ler o articulado que di que realmente outorga competencias porque vos que tendes 14 asesores sabedes perfectamente que é competencia do municipio ter garantida a calidade de auga que bebe os seus habitantes, polo tanto, non imos entrar nese debate de competencias.

E por outra banda, é que non é un laboratorio menor, é que ven facendo milleiros e milleiros de controis, non só da calidade da auga que beben os cidadáns, senón tamén de vertidos, de desratización, da calidade das augas das praias, é dicir, é un mecanismo, unha tranquilidade para a cidadanía que non podemos perder e dende logo, non podemos eliminar e privatizar provocando que se perda a calidade deste servizo.

Ademais eu pregúntome en relación co persoal funcionario e se vos parece lóxico e humano chamar ás persoas funcionarias que levan máis de 30 anos traballando neste laboratorio municipal, chamalas por teléfono e dicirlles que os van recolocar no Zoo, no servizo de limpeza e como auxiliares administrativos, cando son xente que están formadas, que están capacitados, que demostraron e ter acreditado unha experiencia profesional de máximo nivel e vós chamádelos por teléfono, despois recíbeos a xefa de Persoal e lle di que non hai máis datos e por suposto os concelleiros como soe de costume cando hai unha mala noticia non aparecen, esa é realidade do proceso de desmantelamento que estades a facer co laboratorio municipal.

Cando lle preguntan ao Alcalde, por que se pecha este laboratorio municipal? Pois a resposta é que non está acreditado, se privatiza, pois porque non está acreditado, e nós nos preguntamos, pero quen é o máximo responsable de que o laboratorio municipal non estea acreditado? O Alcalde de Vigo, é dicir, dille aos vigueses que se vai desmantelar o laboratorio municipal porque non está acreditado, pero si se fixo xa os pasos no seu momento adecuados para que poida acreditar, pero si é o máximo responsable quen ten a acreditación, como lle pode dicir iso aos cidadáns, e que non ten pes nin cabeza.

Ademais de que nós propoñemos que en vez de desmantelar o que hai é que hai que ampliálo, o que temos é que dar un servizo, agora que estamos na Área Metropolitana e que queremos ser a capital da Área Metropolitana, o que temos que facer é tamén bandeira de cidade de Vigo e da capital da Área Metropolitana, polo tanto, este novo servizo hai que integrálo, ampliálo, outorgarlle aos concellos da Área Metropolitana que teñan a oportunidade de garantir tamén aos seus cidadáns a calidade das augas públicas.

Polo tanto, Sr. Alcalde e goberno municipal, nós non imos contribuír a prexudicar a calidade de vida e calidade e a tranquilidade dos cidadáns de Vigo por

desmantelar este laboratorio municipal.

SR. PARDO ESPIÑEIRA: Está moi ben que se preocupen vostedes Sr. Gago pola saúde dos cidadáns de Vigo, é certo, que está ben que se preocupen porque xa é hora de que o fagan porque os recortes que soen facer dende o seu goberno e dende a Xunta de Galicia son os que afectan directamente á calidade de vida das persoas.

Está falando Marea de Vigo de competencias, claro que as competencias son importantes porque vostedes din que asumimos competencias impropias, este goberno asume competencias impropias en tódalas materias, asume as competencias que teñen que ver coa calidade de vida dos cidadáns, que teñen que ver coa defensa dos dereitos das persoas, con todo o que teñen recortado os gobernos da Xunta de Galicia e do Estado, vostedes empezan dicindo e falando, eu creo que toca un pouco de oído, é certo que se está a facer unha reorganización e reordenación funcional do servizo pero quen dixo que o Concello vai deixar de facer o que facía, alguén llo dixo, estase reordenando e racionalizando o servizo de laboratorio, pero o servizo de laboratorio está integrado dentro da concellería de Medio Ambiente, a concellería segue cos servizos que a lei lle obrigue e que sexan das súa competencia, que sexa de control de augas, vai seguir, o laboratorio vai ter os técnicos e os traballadores necesarios e precisos para seguir facendo a súa labor, outra cousa é que se reorganice o servizo dentro da concellería, nin máis nin menos, é o que vostedes din, este goberno presume que a relación dos traballadores fálase co Comité de Empresa, se lles comunica, se reúne con eles e respecto total ás condicións dos traballadores. Sr. Gago, tívose a deferencia de chamar e se lles avisa e se lles di, porque para recortes dos traballadores non presuman moito vostedes que o da reforma laboral con iso chega, é dicir, vostedes para presumir, recibírono quen tiña que recibilos, non se esqueza.

Vanse respectar tódolos dereitos, vaise reorganizar o servizo, estase potenciando os servizos fundamentais como é o de desratización con máis persoal, estase incorporando persoal a ese servizo, ubicaranse onde sexa necesario, non hai nada de que, quen desmantela, quen se vai desfacer do material que hai, pero de que falan? Estase reorganizando e a xente que é necesaria para facer as analíticas estará, as analíticas que obriga a lei, porque señores de Marea de Vigo, vostedes

que queren? Que asumamos nós tódalas competencias que a Xunta de Galicia deixa de facer? Oia, xa asumimos, pero de vez en cando estaría ben que vostedes presentaran unha moción no Pleno instando á Xunta que asuma as súas competencias, sexan servizos sociais, sexan en temas de control de calidade, en calquera tema, é necesaria que por unha vez a ver se se poñen de acordo e presentan unha moción defendendo á cidadanía de Vigo.

Non se esquezan que non falamos de homologación, falamos de acreditación porque a propia Xunta de Galicia nolo di e cumprimos a legalidade e a propia xefa do Servizo de Laboratorio dinos que os traballadores son os que terían que facer e con calidade, cumprindo os requisitos da acreditación, a propia xefa do Laboratorio, ou sexa que non sufran porque se vaia a tratar ou quitar dereitos a calquera traballador, a ningún. Por certo, veñan agora coa Área Metropolitana e que Área Metropolitana? A que Marea de Vigo non quería, que votaba en contra, esa é a Área Metropolitana terá as súas competencias, terá os seus medios, xa Vigo aporta o que ten que aportar, bastante máis que calquera, o que lle corresponde e máis, sendo xeneroso, a Área Metropolitana xa buscará as súas competencias, ou a Área Metropolitana que vostedes querían que a ponderación quedara eliminada e que se valera o mesmo un de Fornelos de Montes que un de Vigo, esa é a Área Metropolitana que quería? Non se preocupen que o laboratorio seguirá facendo o que teña que facer, chámese laboratorio, chámese concellería de Medio Ambiente, pero as funcións este goberno ten a costume de cumprir o que a lei lle encarga, por certo, o que a lei lle encarga é máis asumindo as competencias que as outras administracións deixan de facer, como traballando en Benestar Social.

SR. PÉREZ CORREA: En primeira lugar, sería bo que o goberno municipal falara o mesmo idioma, non é tan difícil, porque aquí se fala de cuestións que dende logo a explicación que se deu para xustificar os, chámelle movementos de terra, chámelle terremotos, pero o que están a facer é pola vía de abaixo desmantelar un servizo municipal, a parte están a utilizar en materia laboral o leva facendo anos o Partido Popular nas Deputacións, que se ve que está aprendendo das Deputacións, que é reorganizar o organigrama e ao final acaba habendo privatizacións encubertas, supoño que as Deputacións lle están a servir para aprender a política

laboral do Partido Popular.

O Alcalde de Vigo xustificaba os movementos de terra, chámalle como queira vostede, o movemento e incluso de maneira sucinta o desmantelamento do laboratorio dicindo que non estaba, non acreditado, levo 16 anos en acreditación e sabendo o que é acreditar e o que é homologar, porque non estaba homologado e que os culpables de que non estivera homologado eran os traballadores, que non querían ou que dicían que non había recursos, as acreditacións son responsabilidade da persoa que contrata, co organismo acreditador que esa acreditación leva adiante por iso se vostede vai a calquera laboratorio, non digo municipal, privado de Vigo verá que as acreditacións teñen unha política de xestión e son responsabilidade do laboratorio que o laboratorio o que fai é contratar a unha empresa que facilita a acreditación e o que ten que facer o Concello e velar porque esa acreditación se dea, e nas empresas privadas, eu levo 16 anos traballando nisto, cando non hai recursos contrátase a xente para facer esa acreditación, e moitas veces se contrata simplemente a un responsable de calidade e medio ambiente para facer a acreditación. Polo tanto, culpabilizar aos traballadores de que ese laboratorio non estea acreditado paréceme indecente, porque os traballadores non teñen capacidade de impedir nin ningunha empresa deste país que haxa unha acreditación, ou un traballador de Citroën decide de "motu proprio" non asinar as non conformidades para tombar a 9000 ou 14000 de Citroën, non, polo tanto, aquí o mesmo e ao mellor o que ten que facer este Concello é dar recursos para que ese laboratorio estivese acreditado.

Se estamos a falar de homologación terá que dicir que homologa, e teremos que facer como fan por exemplo as administracións autonómicas que establecen un listado de laboratorios homologados para cousas concretas, hai laboratorios homologados para inspección sanitaria, hai laboratorios homologados para un tipo de parámetro dunha analítica, pero vostedes non nos din para que? Por iso digo cal é a homologación que lle falla ao laboratorio do Concello de Vigo para poder operar obviamente dentro de competencias propias e impropias pero que van todas dentro da lei sanitaria que di que os Concellos tamén velan pola calidade sanitaria das augas, e polo tanto, é unha responsabilidade do Concello e nós si que lle pedimos á Xunta de Galicia no Parlamento de Galicia que é onde se lle pide as cousas á Xunta de Galicia, que cumprira o seu cometido, pero tamén o seu

cometido é informar do estado da analítica das praias, vaian vostedes e dígnanos como está a calidade da auga.

VOTACIÓN: Con dez votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López e máis dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora, Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa e catorce votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Rexeitar a Moción presentada, en data 31.08.2016 (Rex. Nº 1412/1101), polo voceiro do grupo municipal Marea de Vigo, Sr. Pérez Correa, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

9(144).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO AO SR. ALCALDE E Á CONCELLEIRA DE URBANISMO INFORMEN SOBRE AS ACTUACIÓNS REALIZADAS EN RELACIÓN Á ELABORACIÓN DUN NOVO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE VIGO. REXISTRO PLENO 1417/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 1 de setembro de 2016, número 1417/1101, a voceira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Muñoz Fonteriz, formula a seguinte,

MOCIÓN

“O 18 de decembro de 2015, poucas semanas despois de facerse pública a

anulación polo Tribunal Supremo do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo do ano 2008, o pleno desta Corporación aprobaba por unanimidade iniciar a tramitación dun novo PXOM.

Dende entón teñen pasado preto de 10 meses, tempo máis que suficiente para que o Goberno municipal dese os pasos axeitados na resolución do principal problema que Vigo ten enriba da mesa nestes momentos. Unha problemática que afecta a centos de familias, que se quedaron coa tramitación das súas licencias no aire; á economía local, en particular ao sector da construción; e aos investidores interesados no impulso de proxectos fundamentais para a cidade como, por exemplo, o de Thom Mayne, que se ven carentes da mínima seguridade xurídica exixible en materia de urbanismo.

Sen embargo, 10 meses despois daquel acordo, nin o alcalde, Abel Caballero, nin a concelleira de Urbanismo, María José Caride, teñen dado ningún tipo de explicación sobre a tramitación e elaboración dese novo Plan. E isto pese ás reiteradas solicitudes tanto deste Grupo municipal como doutros colectivos económicos e sociais da cidade.

Durante todos estes meses, o Goberno municipal tivo tempo de traballar en diferentes posibilidades, impulsando unha folla de ruta que contemplase os pasos a seguir, os documentos necesarios para a elaboración do Plan e os prazos previstos. Sen embargo, e como amosa o propio traballo desenvolvido na Xerencia Municipal de Urbanismo neste tempo, parece que o Executivo local fiou toda a súa capacidade de acción a un informe xurídico externo elaborado polo catedrático don Luciano Parejo Alfonso.

Neste sentido, parece que polo de agora o Goberno Municipal ten limitado o seu traballo a pedir informes a outras administracións na procura de quitarse de enriba un problema en vez de buscar solucións reais.

Ante isto, este Grupo Municipal ten reiterado en numerosas ocasións a necesidade de explorar, traballar e avanzar noutras vías, mostrándose a favor de calquera vía que garanta a máxima seguridade xurídica do Plan, considerando imprescindible adiantar os traballos necesarios para que Vigo poida contar cun novo PXOM o antes posible. Así, se o Consello Consultivo constata que a vía proposta polo Concello ten a máxima seguridade xurídica, este debe desenvolvela inmediatamente. E se non é así, debería ter preparado xa un documento de aprobación inicial do plan.

En definitiva, e tal e como se acordou por unanimidade naquel pleno do 18 de decembro, o Goberno Municipal debe ter iniciado e avanzado xa na tramitación dun novo Plan Xeral, ao marxe de poder avaliar, estudar e propor outras vías alternativas. Non obstante, ata o de agora non teñen facilitado ningún tipo de información ao respecto.

A necesidade dese traballo que debería ter realizado o executivo, na procura de contar xa cun primeiro documento de aprobación inicial, céntrase na inescusabilidade de que Vigo poida contar, canto antes, cun novo Plan Xeral

elaborado desde a seriedade e o rigor, e dotado da máxima seguridade xurídica. Algo que non sucedeu, como se pode comprobar, co PXOM de 2008.

Por todo o exposto, e á vista dos feitos relatados, propoñemos que o Pleno da Corporación adopte o seguinte:

ACORDO:

1. Instar ao alcalde, Abel Caballero, e á concelleira de Urbanismo, María José Caride, a informar sobre todos aqueles pasos e actuacións que se teñan dado, desde o 18 de decembro ata hoxe, en relación á elaboración dun novo Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo.

2. E solicitar ao Goberno municipal que aporte toda a documentación relativa a estes pasos, ao obxecto de acreditar, de modo fehaciente, os diferentes traballos comprometidos a realizar no impulso dese novo PXOM. “

DEBATE:

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: Unha vez máis imos falar do Plan Xeral de Vigo, imos falar do principal problema que ten esta cidade, e a instancias do Partido Popular, non a instancias do Partido Socialista nin do goberno municipal e asistimos novamente á vergoña para a toda cidade que abandonen este Pleno o Alcalde e a Primeira Tenente de Alcalde nunha mostra inequívoca do que entenden e do que respectan a este Pleno que representan a tódolos vigueses/as, sinceramente nos parece vergoñento esta actuación reiterada pero máis aínda cando estamos a trata dun tema de absoluta e extraordinaria gravidade para esta cidade. Dende o 30 de novembro estamos sen Plan Xeral nesta cidade, retrocedemos case 25 anos e como vemos por estas mostras ao Alcalde de Vigo non lle importa absolutamente nada e non ter Plan Xeral para calquera cidade é un problema pero non ten Plan Xeral para unha cidade como Vigo, unha cidade que basea o seu día a día na economía que é unha grande cidade, a máis importante de Galicia é un extraordinario problema, é un problema, lle lembro porque non o queren recoñecer, que condena á incerteza e ao baleiro legal a miles de familias, a moitas das cales por certo tampouco quixeron darlles voz aquí porque pedindo intervir neste Pleno a plataforma SOS PXOM e non quixeron darlles voz porque aquí o Alcalde de Vigo e o goberno municipal non queren escoitar máis que o que lle interesa e máis que aplausos e todo aquilo que a el lle veña ben, pero dende logo

cando se trata de falar dos problemas reais da cidade como estamos vendo coa súa actitude, dálle as costas. Un problema que tamén paraliza á economía local e dende logo afasta da cidade proxectos fundamentais para o futuro e por iso é fundamental que canto antes se teña un novo Plan Xeral e así o acordamos por unanimidade tódolos grupos no Pleno do 18 de decembro, un Pleno no que discrepamos de que é o que nos levara á anulación do Plan Xeral pero no que estábamos todos de acordo en que canto antes se tiña que iniciar a elaboración dun novo Plan Xeral, un Pleno no que este grupo municipal lles pedía ao mesmo tempo que lles tendía a man e mostraba a súa colaboración para a elaboración dun novo Plan Xeral lles pedía tamén non buscaran atallos para a seguridade xurídica, que non frivolizaran politicamente co Plan Xeral como fixeran con anterioridade, que foran dilixentes, que forma rigorosos, que contaran con todos porque este é un problema de cidade e que dende logo insistía en ofrecer a nosa colaboración.

Un Pleno no que a propia concelleira falaba da necesidade, coa máxima axilidade e a máxima urxencia, poñerse a traballar nun novo Plan Xeral, aquí estamos nove meses despois dese Pleno, dez meses despois case da anulación do Plan Xeral, despois de escoitar nese mesmo día do Pleno as declaracións do Alcalde que é o que lle gusta nos medios de comunicación dicindo que o Plan Xeral novo ía a velocidade de cruceiro, declaracións por certo que complementou no propio mes de maio cando dixo que en tempo record haberá un novo Plan Xeral en Vigo, pasaron nove meses, dez meses dende a anulación do Plan Xeral e aínda non sabemos o que estiveron facendo, é que se negaron reiteradamente a contarlle á cidade que o que están a facer para a elaboración dun novo Plan Xeral, trouxemos a Pleno no mes de febreiro pedíndolles un calendario, unha folla de ruta e nos contestaron que non, nin calendario, nin folla de ruta, nin se sabía o que ía pasar e o que estaban a facer con Plan Xeral, nos decatamos polos medios de comunicación de que habían pedido un informe, que por certo que nos custou 17.545 euros a tódolos vigueses/as, a un experto independente que avalaba unha vía, por certo ese mesmo experto independente no seu informe recoñece que a vía de maior seguridade xurídica é facer un novo Plan Xeral e aí parece que fiaron vostedes todo o seu traballo porque ata agora e esperemos que nos poida rebater a concelleira de Urbanismo na súa intervención, ata agora non sabemos a outra

vía, a da elaboración do Plan Xeral a que se acordou neste Pleno, non sabemos que é o que estiveron facendo, porque a vía “Parejo” está tombada é unha vía morta, levounos a un canellón sen saída, ese atallo que lle buscaron non lle serve o tomo o Consello Consultivo de Galicia, máximo órgano consultivo de Galicia ademais onde están representados os maiores xuristas desta comunidade como vostede ben sabe, Sra. Caride e no que ademais están representados tódolos grupos políticos, polo tanto, un órgano apolítico e un órgano que simplemente mira a seguridade e é absolutamente contundente en tirar esa vía e dicir que é imposible. Por tanto estamos na vía orixinal, na do novo Plan Xeral que tiñan que ter feito nos últimos nove meses, non me diga que perdemos nove meses da elaboración dun novo Plan Xeral, díganos hoxe que mañá presentan a aprobación inicial do Plan, díganos que estiveron facendo algo, denos algún dato Sra. Caride, porque senón esta cidade estará extraordinariamente preocupada ante súa inacción.

SR. PÉREZ CORREA: Nós esperamos non vivir outra vez ese día da marmota que vivimos moitos anos coa cuestión do Plan Xeral, e o dicimos porque este grupo municipal non se moveu dende hai un ano dunha cuestión, incluso antes da declaración desa sentenza que declaraba nulo, que é unha cuestión xurídica importante que teñamos en conta, nós sempre dixemos incluso na nosa proposta programática en maio do 2015, que tiñamos que redactar un novo Plan Xeral, se nos di que nos queremos atrasar, non sabemos que queremos atrasar porque nin sequera nos seis anos da existencia do Plan se conseguiu nin sequera un dos obxectivos que estaban dentro dese Plan, nalgún momento neste concello pois houbo partidos políticos e Alcaldes que decidiron que ese Plan Xeral non era o seu e que por tanto non tiña que herdalo, eu estou a falar do Sr. Ventura Pérez Mariño, do seu concelleiro de Urbanismo, que decidiron que ían a modificar por exemplo 23 convenios urbanísticos que contiñan o Plan Liñeiriños, Cidade do Frio, un montón de convenios urbanísticos, a Rolda, é dicir, que ían revisalos e que ían revisalos porque entendían que ese Plan non se correspondía ás necesidades da cidade, sabemos cal foi a resposta, se chama moción de censura e nós seguimos a pensar que esa moción de censura se substanciou precisamente porque se enfrontaban a ese Plan Xeral. O que dicimos a estes grupos municipais e que somos ninguén herdeiros para ter que cargar con esta carga dun Plan Xeral absolutamente

especulativo e non nos imos mover desa coma, dese relato e polo tanto, dicimos que a traballar noutro modelo de cidade, iso para nós é absolutamente central. A parte temos que traballar, podemos discutir ou non noutro modelo de cidade, unha discusión urbanística, política e incluso económica, discutamos iso, pero enriba é que a lei non nos permite recuperar o Plan Xeral do 2008, a nós nos parecía bastante curioso o informe Parejo, perfecto, estamos dispostos a discutir, sabemos que vai vir a esta cidade invitado polos empresarios, as cuestións da vía, estamos dispostos incluso a discutir se realmente hai capacidade de recuperar un Plan anulado como se tentou por exemplo facer no Concello de Gondomar e precisamente a xurisprudencia di que iso non se pode facer, o que unha lei anula o que é a totalidade dun plan non podemos recuperalo pola vía e menos dun informe xurídico, porque dicimos o día da marmota, porque non volvamos a vivir unha situación e estamos a menos dun mes dunhas eleccións autonómicas que un cambio de goberno na Xunta de Galicia onde diga agora mesmo que non hai esa vía, volva pasar que a coincidencia do mesmo cor político no Concello de Vigo e na Xunta de Galicia, iso significa que de repente se desbloquea un Plan Xeral, porque iso está contido na sentenza como algo negativo e teremos que volver a explicar porque antes onde dicíamos que non ou durante un ano paramos a posibilidade de non someter á valoración estratéxica e de repente todo iso se desbloquea, nós seguimos pensando e falando de responsabilidades colectivas da Xunta de Galicia e do Concello de Vigo, do Concello de Vigo por pedilo, por pedir non someter ao Plan Xeral, un plan xeral desas características, con esa alta edificabilidade, con esa expansión urbana, con todo o contido que tiña o Plan Xeral dicir que non se sometía a valoración ambiental estratéxica, non sabemos por que, porque non había encaixe para facelo, por esa precisamente o contido do Plan e dende logo a Xunta de Galicia por permitilo, nos da igual quen estaba en cada momento en cada unha das administracións, non imos buscar perfiles persoais, non imos buscar quen era Alcalde naquela altura que pediu sometelo nin quen era o conselleiro ou conselleira neste caso que o permitiu a través da Xunta de Galicia. Imos falar das administracións e de responsabilidade colectiva, e a responsabilidade deste Pleno que será xa empezar a traballar no Plan Xeral, si que é certo que sistematicamente o Partido Popular preguntao na Xerencia de Urbanismo, pero nós pensamos que non é exclusivamente na Xerencia de Urbanismo, un Plan Xeral se inicia

precisamente cunha comisión especial no Pleno e con debate aberto de saber como están os grados de tramitación, como está precisamente a interlocución coa cidade, como son e cando se envían e que contido teñen os informes sectoriais e iso é o que teremos que abordar, se volvemos a buscar, a aprazar unha decisión que xa para nós ten que ser asumida por tódolos grupos municipais, de redactar un novo Plan Xeral, estaremos sistematicamente caendo nunha perigosidade que para nós é a falla de sustento legal ou polo menos as dúbidas legais que pode abrir e encaixar un Plan que está anulado por unha vía dunha anulación xurídica.

Polo tanto, ese é o debate que temos que abrir, nós estamos de acordo, non tanto coa exposición da moción pero si cos acordos que propoñen, pero o que pedimos é que dende logo as dúas administracións asuman a súa responsabilidade nos cambios temporais que houbo de gobernos e nos cambios temporais que houbo de responsabilidades e asuman colectivamente.

SRA. CARIDE ESTÉVEZ: Sra. Muñoz, eu me pregunto se vostede fala co resto de compoñentes do seu grupo municipal, porque certamente non entendo a que ben esta reiterada petición de que non estamos a facer nada e que non se informa porque lle lembro que na Xerencia de Urbanismo se da información puntual cada vez que o solicitan, en particular os concelleiros do Partido Popular do estado da tramitación do Plan Xeral, como o Concello de Vigo xa informou dende o primeiro momento o Concello tomou a decisión primeiro, da prudencia e a legalidade e polo tanto non é verdade que non teñamos Plan, temos o Plan do ano 1993 porque por responsabilidade e polo cumprimento da sentenza, volteamos ao instrumento de Planeamento que tiñamos. En segundo lugar, o Concello sempre dixo que ía a avaliar, analizar e traballar en dúas vías, unha era na defensa das actuacións municipais, cara a aprobación do Plan do ano 2008 e outra era na redacción do novo Plan. Precisamente nesta defensa da actuación municipal para a aprobación do Plan do 2008, se buscou o apoio non de calquera persoa, non sei que expertos en urbanismo son os que están no Consello Consultivo, descoñezo o seu curriculum, non sei se teñen algún traballo publicado, pero si sei que o maior experto de urbanismo en España é o profesor o Sr. Luciano Parejo, polo tanto, o Concello de Vigo non vai apoiado por unha sinatura calquera, o Concello de Vigo presenta unha alternativa apoiada polo maior experto que hai en urbanismo en

España, eu non son xurídica, pero dende logo non teño criterios para cuestionar o informe do Sr. Luciano Parejo, ao menos é tan bo como o do Consello Consultivo, que por certo, que é un contrainforme que non entra en ningún dos argumentos xurídicos do profesor o Sr. Parejo.

Por outra banda, é relevante coñecer que o Tribunal Supremo posiciónase en contra de moitos xurídicos que xa deron a súa opinión antes, por exemplo o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, ou é que nos esquecemos de que o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia lle dera a razón ao Concello, e que nos esquecemos que o Tribunal Supremo comete un erro nas datas de aprobación do Plan, é que nos esquecemos que no sentido da medida da Xustiza que ten que ser equitativa e proporcional, e é absolutamente desproporcionado que por unha opinión de que un informe non está suficientemente motivado, non que sexa ilegal a actuación, senón que non está suficientemente motivado, tomase un Plan onde se traballou tanto nesta cidade e houbo tanta conflictividade social afortunadamente agora resolta, supoño que vostedes o que o queren é abrir a conflictividade social, pero pese a esa vía do profesor o Sr. Luciano Parejo, que a Xunta de Galicia deulle as costas a Vigo porque poderíamos ter o Plan aprobado en seis meses e polo tanto, solventar os problemas, eu preguntome señor de Marea, vai facer vostede o mesmo en Santiago de Compostela, sabe que tamén ten a inviabilidade da aplicación da Lei avaliación estratéxica ambiental? Sábeo? Sabe que o Plan de Ferrol do ano 2000 non cumpre ningunha lexislación medio ambiental que exista a día de hoxe? Sabe que non hai ningunha cidade Galega que teña actualizada a súa lexislación medio ambiental no seu Plan Xeral? Vano facer con todos eles, van paralizar o desenvolvemento de tódalas cidades? Porque estaría bo sabelo, ou que só nos interesa paralizar Vigo? Porque iso é extremadamente grave.

Estaría ben que para continuar os avances do Plan Xeral no que sabe están a traballar un equipo de 15 persoas na Xerencia de Urbanismo, e traballamos non na aprobación inicial, actualícese, porque isto xa non é o primeiro que hai que facer, nin moito menos, é que hai que tramitar a avaliación estratéxica ambiental respecto a lei do ano 2013, o primeiro Concello de Galicia que vai ser de aplicación, tanto é así que a propia Xunta de Galicia non sabe que ten que tramitar os papeis e nos responde con “estano estudando”, facendo dous documentos, o documento inicial estratéxico e o documento do borrador, neste momento a

redacción deses dous documentos supera o 75% da súa avaliación, si hai moita documentación, non é a definitiva pero hai moita documentación. No momento que teñamos un borrador definitivo claramente que llo pasaremos para que vostedes coñezan esa información e polo tanto, o que esperamos é poder seguir traballando pero desgraciadamente non interpretamos como unha boa sinal a postura da Xunta de Galicia, sabe que levamos seis meses esperando porque a Xunta de Galicia nos diga as súas previsións en materia educativa, sanitaria, e que non nos deixan ampliar un centro de saúde, nin se hai que ampliar un colexio ou se a universidade necesita máis espazo, non nos di nada, seis meses esperando e cinco meses esperando pola resposta de urbanismo que nos diga si é verdade que Vigo non pode desenvolver un metro cadrado de só urbanizable residencial porque respecto ao Plan do 2008, cáense máis de 44.000 vivendas que estaban alí previstas, polo tanto que nos diga se ese regulamente é de aplicación ou non. E respecto a esas cuestións propostas hai máis de 5 meses non temos respostas da Xunta de Galicia pero lle confirmo nós seguimos traballando con dilixencia e axilidade pero alguén nos está a poñer un pe enriba, esa é a Xunta de Galicia e o Partido Popular de Vigo.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: Sra. Caride, se realmente despois de 10 meses de anulado o Plan Xeral do ano 2008 en Vigo, isto é o todo o que lle ten que dicir á cidade do que está a facer o goberno municipal para facer un novo Plan Xeral, estamos aviados, sinceramente o problema que temos é moito máis grave do que habíamos pensado, se vostede pensa que vindo aquí e ensinando unha carpeta e dicindo que están traballando e avanzando moito, así se solucionan e se contestan tódalas preguntas que nestes momentos se están a facer tódolos vigueses para empezar lle diría que escoitara máis á cidade, pero non escoite só aos que quere escoitar, non, escoite a todos, aos cidadáns que queren falar co Alcalde e coa concelleira de Urbanismo e que vostede non queren escoitar, e que veña aquí a dicir, non é que non teñamos Plan, é que temos o Plan do 1993, que a concelleira de Urbanismo, a responsable de urbanismo na cidade, a responsable de que esteamos neste situación, en convivencia co Alcalde de Vigo, veña a presumir que esta cidade ten un Plan Xeral de hai 25 anos, é realmente demencial, e vir aquí a cuestionar unha decisión xudicial, Sra. Caride, as decisións xudiciais non se cuestionan, se cumpren

e se acatan porque estamos nun estado de dereito e vostedes están dando a volta e mareando a perdiz, están a falar da Xunta de Galicia e falando do Tribunal Supremo e, están quitando informes da manga, para facer o que non queren facer, porque son incapaces, facer un novo Plan Xeral porque o problema venlle grande, porque a mala sorte que ten esta cidade e que cando lle cae o peor problema da súa historia atópase co peor goberno da súa historia, un goberno que ten moita cantidade de concelleiros, pero ao que lle falla calidade, porque o que necesita esta cidade é calidade, calidade do goberno municipal que saiba sacar adiante os problemas e os problemas do día a día, e se non son capaces nin de sacar adiante un contrato, agora imos falar do de parques e xardíns, como van ser capaces vostedes de facer un Plan Xeral? Demostran a súa propia incompetencia cando non fan que máis que botar balóns fora porque nós desgraciadamente temos un goberno nesta cidade de cambiar losetas, pero non temos un goberno de deseñar cidades, ese é o problema que ten Vigo e a desgracia que neste momento teñen os vigueses/as.

Temos un goberno municipal que está máis ocupado botando balóns fora e que non se está dando conta no pozo que está esta cidade. Pedímoslle de verdade, volvemos facelo, volvemos a mostrarlle a nosa colaboración como fixemos nese Pleno de 18 de decembro, o problema é extraordinario, deixamos a un lado calquera tipo de rivalidade porque queremos traballar por e para os vigueses, tendémoslles novamente a nosa man, lles dicimos que queremos colaborar, que queremos sentarnos con vós e adiante quitar o Plan Xeral de Vigo, aí terán ao Partido Popular, para destruír esta cidade dende logo o Partido Popular non estará.

(No momento da votación preside o 2º Tenente de Alcalde, David Rgades Fernández)

VOTACIÓN: Con dezanove votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López e máis dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, López Font, Marra

Domínguez, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia e e tres abstencións dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 1.09.2016 (Rex. Nº 1417/1101), pola voceira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Muñoz Fonteriz, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

10(145).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO AO GOBERNO MUNICIPAL O CONCURSO DUN NOVO CONTRATO QUE REFLECTE AS NECESIDADES REAIS DE CONSERVACIÓN E MANTEMENTO DAS ZONAS VERDES DA CIDADE. EXPTE 1418/1101

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 1 de setembro de 2016, número 1418/1101, o concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Fidalgo Iglesias, formula a seguinte,

MOCIÓN

“A xestión do goberno municipal no relativo á conservación e mantemento das zonas verdes da cidade ten sobrepasado ós límites da chapuza, porque “nin a propósito se pode facer tan mal”. Isto ademáis é algo que calquera cidadán pode decartarse porque só é preciso un pequeno paseo pola cidade para comprobar o estado lamentable e a sensación de abandono de moitas das beiraruas, parques e xardíns.

Desde o PP levamos tempo avisando que o último contrato de parques e xardíns ía a traer problemas. Lamentablemente o tempo voltounos dar a razón e levamos un ano no que comprobamos que esta historia converteuse nun auténtico pesadelo..

Hai que lembrar que o contrato adxudicouno ó goberno municipal o día 6 de agosto de 2015 en Xunta de Goberno, o firma o 28 de agosto e o servizo iniciase o 1 de setembro de 2015.

Á hora de buscar posibles solucións, dende o Grupo Municipal do Partido Popular

entendemos que a única alternativa posible, compartida polos traballadores cos que nos reunimos en varias ocasións e ós que o alcalde non quere recibir, pasa por sacar a concurso un novo contrato e a redacción dun novo prego que reflexe ás necesidades reais do servizo cun coste viable, que dé tranquilidade ós traballadores, que nestes momentos están operando por encima das súas posibilidades.

Por todo o exposto, e a vista dos feitos relatados, propoñemos que o Pleno da Corporación adopte o seguinte

ACORDO:

Instar ao goberno municipal sacar a concurso un novo contrato que reflexe ás necesidades reais de conservación e mantemento das zonas verdes da cidade, que reflexan un estado lamentable.”

DEBATE:

SR. FIDALGO IGLESIAS: Imos falar do contrato de Parques e Xardíns ou o que xa ven sendo a chapuza do século, porque o que está a pasar coas zonas verdes da cidade xa sobrepasou os límites da chapuza, porque nin a propósito Sr. Rivas, se pode facer tan mal, dende o Partido Popular levamos dous anos, máis de dous anos avisando de que este novo contrato ía traer problemas e lamentablemente e como ben sendo habitual o tempo nos volveu dar a razón porque ás veces é bo votar a vista atrás e lembrar que esta historia comeza xa hai máis de dous anos, porque o anterior contrato incumprindo por certo a palabra do Alcalde, de que se sacarían os concursos ao seu vencemento, o anterior contrato esgotou os dous anos de prórroga e incluso vostedes tiveron que adxudicar un contrato de catro meses por 1.800.000 euros a dedo e con nocturnidade, non se se lembra que dende as 8,30 horas da tarde e as 9,30 horas da noite, dun luns de abril de 2015, a un mes das eleccións municipais, aprobaron un prego, invitaron a unha empresa a presentar unha oferta, recibiron a oferta, pediuse á empresa que a ratificase, fíxose a valoración desa oferta, realizouse incluso unha Xunta de Goberno ás 9,30 da noite para adxudicar ese contrato e as 9,50 da noite xa estaba notificada esa empresa por correo electrónico de que estaba adxudicada.

Seguro que se lembra tamén que xa o prego deste novo contrato do que estamos a falar, fíxose tarde e mal porque o tiveron vostedes que modificar ante un recurso

presentado pola patronal de empresas concesionarias de xardíns que o Tribunal deulle a razón porque houbo que revisar os custes e a bolsa de horas a facer pola concesionaria.

E este novo contrato que temos agora, pois que quere que lle diga? É máis barato pero é moito peor. É máis barato porque se nun concurso vostedes priman 94 sobre 100 puntos a oferta económica, pois a oferta técnica só pesa seis puntos, entón así nos loce o pelo porque temos un contrato barato pero todo o mundo está vendo como está o estado lamentable dos parques e xardíns da cidade, porque este contrato nin sequera chega ao 90%, só o custe do persoal supón o 90% do presuposto do contrato. Avisámoslos, porque os técnicos incluso llo dicían, avisámoslles de que esta baixa ía orixinar diminucións nas condicións laborais e tamén na prestación dos servizos, sobre todo tendo en conta e se o comparamos co anterior contrato no que se lle pagaba 6,3 millóns de euros á empresa concesionaria, había aumentado a superficie arbolada e a superficie de mantemento, en 2005 a superficie das zonas verdes era de 224 hectáreas mentres que agora é case de 270 hectáreas e claro maxia non pode facer a empresa concesionaria. O propio xefe de servizo municipal de Parques e Xardíns dicía no seu informe que a oferta da sinatura que gañou o concurso incluía uns recursos humanos escasos, e de aí “daqueles polbos veñen estes lodos”.

Esta empresa nova comeza o servizo o 1 setembro, pois non había pasado nin un só mes e a empresa xa estaba incumprindo o contrato, e por iso os traballadores fixeron unha folga, de case unha semana a finais de setembro do ano pasado, primeiros de outubro. Nós naquel momento lles dixemos ao Alcalde que tiña a obriga de facer cumprir o contrato, que deberían paralizar os pagos á concesionaria porque estaba a incumprir o prego de condicións e alterando as condicións laborais dos traballadores porque carecía de material necesario para exercer o traballo en condicións óptimas, e así estivemos meses e meses continuando denunciando os incumprimentos desta empresa que ou ben facía o servizo dunha maneira deficiente ou practicamente xa nin o facía. Ata os propios traballadores denunciaban que non se estaba a cumprir o contrato porque vostedes non estaban nin controlando, nin auditando o servizo, unha mostra evidente de como se está a funcionar neste desgobierno municipal.

Vigo, Sr. concelleiro de Parques e Xardíns non se merece esta forma de actuar e

agora na miña segunda intervención explicareille como está o estado de parques e xardíns da cidade.

SR. PÉREZ CORREA: Nós entendemos a preocupación que figura nesta moción, entendemos que non é unha preocupación exclusiva do Partido Popular senón de gran parte da cidadanía viguesa e entendemos tamén que é unha preocupación do cadro de persoal, do comité de empresa, dos propios traballadores da concesión pero nós cremos que despois de varios capítulos bastante bochornosos con respecto a unha concesionaria e a unha concesión destas características, este concello ten que dar un paso xa, e ten que dar un paso non porque pensemos que é o momento de propoñer seguramente algunha medida que pode que teña moito percorrido político e xurídico, entendemos que hai que facelo xa porque xa non podemos estar inventando procedementos ou cambios na maneira de entender a relación entre o Concello e as concesionarias, e nos imos pedir, e por iso non estamos totalmente de acordo con este moción, a remunicipalización absoluta do servizo, e imos explicar por que e imos seguir algún exemplo que se está a dar neste país, imos poñer o exemplo da cidade de Zaragoza, hai meses o Concello de Zaragoza lle pediu aos técnicos municipais un informe xurídico sobre a viabilidade de remunicipalizar o servizo de Parque e Xardíns, precisamente polos mesmos motivos que este Concello debería pedilos, en primeiro lugar, porque os pregos se fixeron dunha maneira absolutamente vantaxosa para determinadas empresas, e significaba que no sistema de poñer enriba da mesa a oferta se tensionaba de tal maneira a oferta á baixa, con ese novo sistema de contratación que algún día teremos que erradicar de que quen vaia a máis barato, sen caer en baixa temeraria, se queda co pastel. E practicamente o prego dicía algunhas empresas como tiñan que artellar á baixa para que non fora temeraria, foi o primeiro proceso de contratación nesta casa que foi a Marea de Vigo, a primeira Mesa de Contratación que a Marea de Vigo estivo foi precisamente a de Parques e Xardíns e aí había serias discrepancias entre traballadores públicos desta casa sobre que empresas tiñan estar dentro ou estar fora por erros de asignación do IVE na oferta, e sobre todo porque non quedaba claro, vendo as ofertas enriba de mesa, quen ía obrigar ou como se ía obrigar por exemplo, a que durante os meses de vacacións de verano se repuxera a totalidade dos traballadores ou que se cumpriran os

criterios de horas, ou os de categorías laborais e de salarios e nós xa vimos que aí pasaba algo, e dende logo todo o que está a pasar é unha concatenación de problemas, primeiro a concesionaria que non é unha concesionaria precisamente para nós que nos tranquilice vendo o que aparece na “Operación Patos”. Esa concesionaria tivo folgas, folgas de traballadores a parte bastante significadas nas cidades, onde se puxo enriba da mesa por parte dos traballadores a situación da concesión, quitouse a posteriori, ese prego xa existía, pero se axilizou o proceso de contratación e a partires de aí unha pelexa entre empresas, entre as que conseguían a adxudicación, logo denunciaban ao tribunal de contratos públicos, caía a concesión e aparecía outra, agora volvemos e un tribunal di que ten que entrar unha das empresas das que foron quitadas, ou argumentouse que tiñan unha baixa temeraria ou valores anómalos na súa oferta, esa empresa litiga, gaña e agora volve entrar outra e a que cae volve a denunciar porque obviamente considera que hai un agravio económico que fixeron un investimento e son apartados dun servizo. Este baile de debutantes debería rematar, e digo debutantes porque algunhas como no seu caso Altenia non se lle coñecía ningún tipo de relación ou coñecemento dun servizo destas características e con este nivel de traballadores públicos.

Polo tanto, pedimos e por iso imos absternos nesta moción, que se faga xa un informe, que se lle pida un informe aos servizos xurídicos, de como remunicipalizar o servizo, porque se pode, porque hai encaixe, porque os traballadores pódense subrogar e mentira que ós traballadores teñamos que despedilos, que teñamos que facer a oferta pública de emprego, é un servizo público remunicipalizado polo tanto, o carácter de subrogación do cadro de persoal pódese facer, concellos como Valladolid, Zaragoza xa o teñen feito. Por exemplo, o caso de Zaragoza, o 010, o servizo de información municipal, tamén remunicipalizado, e temos a oportunidade porque hai una anulación das concesionarias e temos unha oportunidade incluso de non ter que esperar, como no caso de Zaragoza ao 2018 que é cando vence o contrato. Polo tanto, nós imos pedir que xa se asuma con toda a naturalidade que as empresas que veñen a este servizo son incapaces de facelo porque como a maior parte do custe é salarios, o recorte, o aforro ou o lucro deste negocio é precisamente recortar dereitos salariais, laborais que acaban redundando no estado dos xardíns.

SR. RIVAS GONZÁLEZ: En primeiro lugar quero sumarme á benvida da concelleira Sra. González.

Sr. Fidalgo, eu creo que da a sensación de que anda vostede un pouco despistado, poida ser que a calor lle haxa afectado, así que teña vostede coidado e cóidese porque é moi importante.

Teño que dicirle que tivo vostede unha intervención moi vulgar, creo que vostede descoñece perfectamente o funcionamento desta casa, lémbrolle que parece que esqueceu que o noso goberno municipal, que iso é o que lles molesta a vostedes, quitou a concurso un contrato de conservación e mantemento de zonas verdes que cobre tódalas necesidades do servizo coas calidades definidas para cada un dos lugares, para cada unha das zonas atendendo así as demandas e garantindo ademais o emprego de tódolos traballadores, de emprego non nos da vostede leccións Sr. Fidalgo. Isto ven realizado, despois dun arduo traballo realizado por grandes profesionais do noso Concello aos que cada día están aí traballando e que dan a sensación que vostedes os concelleiros do Partido Popular e os concelleiros de Marea de Vigo, están a cuestionar permanentemente, ou é que vostedes cuestionan este prego de condicións? Se o cuestionan, o primeiro que teñen que facer é poñerse a traballar e dicir que é o que está mal, e díganllo aos técnicos, leccións ningunhas, que técnicos os seus? Se son os seus non son os deste Concello, quero que lle quede claro.

Aquí saíu un concurso por 24 millóns de euros, feito con toda a transparencia e legalidade e publicado, pódeno mirar vostedes onde queiran, na páxina pública do Concello ou poden ir ao departamento e pedilo, lémbrolle que recollen todas esas necesidades que están aí. Ademais esa adxudicación efectuouse con total transparencia, na que vostedes poden estar nesa Mesa de Contratación e opinar sobre ela, de forma estrita e cun procedemento establecido a través da Lei de contratos, na que adxudicataria ten que ser a que a súa oferta sexa máis vantaxosa para esta institución que é para os vigueses/as. Dende este goberno municipal dende logo apostamos por unha política de austeridade Sr. Fidalgo, que trate de xestionar da maneira máis eficiente tódolos seus recursos e intentar facer o mellor traballo para a cidadanía. Sr. Fidalgo, vostede que quere un concurso feito á carta para darlle despois ao “amiguete”? Non non imos estar nesa labor,

nó imos traballar cos técnicos deste Concello e o que eles nos digan así actuaremos, e lle dicía que a súa intervención era vulgar porque hai pouco a súa voceira a Sra. Muñoz, fai vostede uns minutos na súa intervención Sra. Muñoz dicía que a situacións xudiciais se acatan e se cumpren, pois é o que está a facer este goberno municipal, acatando as normas que lle deu un tribunal, e é o que está a facer, polo tanto, cando dicía a vulgaridade da intervención do Sr. Fidalgo é porque está fora de todo lugar.

Dende esta concellería de Parques e Xardíns, estase a traballar e facendo inspeccións diarias ante os posibles incumprimentos, ou é que vostedes cuestionan aos inspectores da concellería de Parques e Xardíns que están a facer esa inspección levándoa con severancia e transparencia? Efectuando un control exhaustivo de tódalas actuacións diarias, realizando tódolos os descontos que se están a facer proporcionais ás zonas non mantidas, van máis alá máis de 150.000 euros descontados á empresa por traballos non cumpridos, abrindo expedientes sancionadores, como di o propio prego, un prego que contempla ata iso, e actuando e facendo auditorías externas que estamos nese proceso, por certo, é traballando tamén na posibilidade dunha rescisión do contrato se fose preciso.

SR. Fidalgo, non veña de adalid vostedes a dicirnos que é o que temos que facer porque vostede quere vir de adalid da concellería de Parques e Xardíns, e vostedes non van ser os adalides do mantemento das zonas verdes nin van ser dos traballadores Sr. Fidalgo, o que teñen que facer é poñerse a traballar e non facer propostas ilegais como son as que vostedes están a facer. Vai a quedar vostede como o Pinocho das zonas verdes desta cidade Sr. Fidalgo.

Sr. Fidalgo, voulle ensinar, hoxe ven nun medio de comunicación dicindo polo instituto, polo IGV, da situación de como os vigueses miran a esta cidade, esa enquisa que o di claro, pero ademais Sr. Fidalgo, estes días un medio de comunicación quitaba como estaban as zonas verdes mantidas por vostedes, onde gobernan, esta é a Avenida de Madrid onde poden mirar que hai silvas que teñen dous metros de altura.

SR. FIDALGO IGLESIAS: Moi lamentable a súa intervención, non achegou nin unha solución, ninguén lle está botando a culpa aos funcionarios senón a vostedes que son uns auténticos incompetentes, eu non sei se a vostede alguén lle preparou a

intervención. Eu do que estou preocupado é do estado lamentable, deplorable das zonas verdes da cidade, e creo que incluso o Alcalde xa lle puxo un pouco as pilas e lle cuestionou a vostede ou seu traballo, facendo pública unha serie de manifestacións en contra do estado lamentable, porque iso é algo que non se pode ocultar, cando un vai pola rúa a xente vai por aí e lle din “oia Alcalde”, asáltano nos programas da radio, da televisión e claro aí ten que calar porque ponse colorado e a culpa é súa.

Herba moi alto, setos sen cortar, malas herbas invadindo a beirarrúa, as bases dos arbores sen recortar, os regos rotos e deteriorados, as plantas se secan, moitas zonas onde había céspede xa non hai céspede, o que queda é herba porque cando se corta queda seca. Traballan os traballadores baixo queixa, alguén se queixa e os traballadores van alí e o arrancan ou ben teñen outra forma de traballar en función da axenda do Alcalde, a onde vai o Alcalde ese día lles avisan para ir unha hora antes e lavarlle a cara á zona, para que logo cando chegue o Alcalde a xente non lle proteste, un auténtico despropósito, Vigo téñeno vostede a monte, Martínez Garrido, a monte; entorno de Povisa, a monte; parque de Navia, a monte; medianeras a monte en Castrelos, en Gregorio Espiño, na rúa Aragón, os arredores do centro comercial Gran Vía, o Calvario está horrible, patético, a rúa Lalín, Coia, tódalas interiores de Coia lamentables, a estrada provincial, a estación de autobuses, a ribeira do Lagares, Teis, Sayanes, Coruxo, San Miguel, Cabral, Candeán, Lavadores, quen vai pagar todas esas plantas e herbas e arbustos que se secaron porque iso agora hai que pagalo, é penoso, a súa xestión é un auténtico despropósito. Vigo se merece un servizo de calidade, se coñece o prego coñecerá o artigo 39 que di “resolución do contrato, será causa de resolución o incumprimento do contrato”, entón se a empresa está claramente incumprindo o contrato poderá rescindir-se digo eu, e quitar un novo contrato que é o que está pedindo o Partido Popular. Por favor póñase as pilas.

VOTACIÓN: Con sete votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López, catorce votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas

Rodríguez, Alonso Suárez, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidenciae e tres abstencións dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora, Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Rexeitar a Moción presentada, en data 1.09.2016 (Rex. Nº 1418/1101), polo concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Fidalgo Iglesias, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

11.- FORMULACIÓN DE ROGOS.

11.1(146).- ROGO FORMULADO POLA CONCELLEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DE MAREA DE VIGO, SRA. LÓPEZ BARREIRO, RELATIVO AOS ACCESOS DO IES CARLOS CASARES .

SRA. LÓPEZ BARREIRO: Pregámoslle ao goberno municipal que cumpra o prometido polo Sr. Font aos pais e nais do alumnado do IES Carlos Casares no mes de xuño, sobre os problemas de seguridade vial que sofren nos accesos a dito instituto, sabendo que só quedan uns días para o comezo de curso, non existen neste momento indicios de que estes problemas se vaian a solventar.

PRESIDENCIA: Non necesitamos do seu rogo a estes efectos, porque nós mesmo fomos alí e vostede se decataron diso pola televisión. Decatáronse porque nós fomos alí e lle demos publicidade porque ímolo resolver.

12.- FORMULACIÓN DE PREGUNTAS.

12.1(147).- PREGUNTA FORMULADA POLA CONCELLEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DE MAREA DE VIGO, SRA. LÓPEZ BARREIRO, RELATIVO ÁS CANTIDADES RECIBIDAS DO SERVIZOS SOCIAIS DO CONCELLO A CERTAS PERSOAS.

SRA. LÓPEZ BARREIRO: Facemos este pregunta no noso propio nome e na dos afectados, cales son as datas e as cantidades exactas que dende o servizo social do Concello se lle concederon ao núcleo familiar formado por Aranzazu Castro Domínguez e José Antonio Iglesias?

PRESIDENCIA: Como vostede comprende é imposible contestar aquí sobre a marcha e xa lle contestaremos por escrito.

12.2(148).- PREGUNTA FORMULADA POLO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SR. GAGO BUGARÍN, RELATIVO Á AUTORIZACIÓN PARA CELEBRAR O CAMPIONATO DE CARRILANAS EN CORUXO.

SR. GAGO BUGARÍN: O sábado estiven na baixada do carro de bolas do Freixo e nos dixeron que esta fin de semana o maior campionato de Galicia de baixada de carrilanas en Coruxo e que aínda non tiñan papeleo e as concesións de tráfico pertinentes e todo o que fai falla para que poidan organizar esta carreira, polo tanto, a pregunta é se lle van a conceder estas obrigadoriedades para que poidan facer esa carreira.

PRESIDENCIA: Que eu saiba faise tódolos anos, e todos os anos non é necesario que vostede presente aquí unha pregunta porque as concesión están en tempo e en forma.

12.3(149).- PREGUNTA FORMULADA POLA CONCELLEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SRA. EGERIQUE MOSQUERA, RELATIVO

Á APERTURA DA SALA DE LECTURA DE NAVIA.

SRA. EGERIQUE MOSQUERA: Teño que volver a preguntarlles pola biblioteca, neste caso sala de lectura, a ver si fago ben a pregunta, de Navia, que era inminente e non sabemos o grado da inminencia porque aínda non está aberta.

PRESIDENCIA: A inminencia, tendo en conta que a Xunta de Galicia non ten biblioteca en Vigo e que o temos que asumir nós co apoio da Deputación de Pontevedra que lle agradecemos de forma singular á Deputación, que se fai con acordo coa Deputación que financia a obra e financia o mobiliario e financia todo, porque si tivéramos que esperar pola Xunta de Galicia estábamos perdidos.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás once horas e oito minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

am.

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Alvarez

José Riesgo Boluda.